CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

**EMPRESA**
Entrevistamos ao concelleiro de Comercio de Melide, Xosé Igrexas P8

**COMARCA**
O Plan Único da Deputación suporá un investimento de case 900.000 euros na comarca P14

**LECER**
Cine, música e espectáculos en familia para o Verán Cultural de Melide P20

**ENTREVISTA**

**Adela Varela Vázquez, *Carnicería Cardelle* P23**

# Cerne

**O xornal da Terra de Melide**

Ano XV - Nº 173. Xullo 2020. Distribución gratuíta

# Campañas dixitais e a prevención do Covid-19 centran a asemblea de Asetem

A Asociación de empresarios Terra de Melide celebrou a súa asemblea xeral ordinaria que este ano estivo marcada tamén pola crise sanitaria do Covid-19. Entre os temas abordados, a realización de campañas previsiblemente de forma dixital, a busca dunha nova imaxe para a promoción de Asetem-CCA, a elaboración de material de prevención do coronavirus cunha imaxe común para os socios e, na asemblea extraordinaria, a renovación do 50% dos membros da xunta directiva. P3




## División de opinións sobre o traslado do mercado

Foto: Turismo Melide

Preguntamos aos comerciantes asociados a Asetem que opinión lle merece o traslado do mercado dos domingos do centro de Melide debido ao Covid. P13

## Dúas iniciativas buscan potenciar o rural en Santiso

Un complexo gastronómico e unha finca reconvertida nunha plantación de camelias e nogueiras, proxectos subvencionados polo GDR para potenciar o rural. P17

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

*30 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca*

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

# Editorial

## A nosa responsabilidade

Todos estamos cansos, dentro do que cabe é comprensible. Estabamos acostumados a nosa rutina e de repente tivemos que parar de golpe, encerrarnos e esperar a que pasase a tempestade. Queremos volver ao de antes (sen entrar a cuestionar se o de antes era mellor ou peor), e queremos volver xa.

Ademais, chega o verán, o bo tempo, a época de praia e vacacións e sobre todo a necesidade de desconectar. E este ano esa necesidade de desconectar vén acrecentada polas ganas que temos de esquecernos da pandemia do coronavirus. O peor é que o virus non desapareceu.

Hai pouco máis de dous meses dedicamos este mesmo espazo á ola de solidariedade que percorreu a comarca. Nos peores momentos da pandemia foron moitos os exemplos de colaboración, de axuda, de respecto e sobre todo de responsabilidade... E queremos seguir pensando que esa solidariedade e responsabilidade continúan aí. Mais algúns exemplos de falta de civismo que están a xurdir en diferentes partes fan cada vez máis pequena esa esperanza. Vémolo nas praias e, sen ir tan lonxe, nas imaxes do ocio nocturno (tamén na comarca) que circulan polas redes sociais.

Se imos ao caso do rebrote da comarca da Mariña, en Lugo, as informacións apuntan a que o groso dos contaxios produciuse tralo San Xoán e, principalmente entre a xente moza. No caso do ocio nocturno acontece o mesmo: xente moza pasando o seu tempo de lecer sen tomar as precaucións necesarias. Ollo, isto non quere dicir que acusemos única e exclusivamente aos mozos; para nada, xente irresponsable haina de todas as idades e en todas partes, abonda con mirar ao noso arredor. Por iso apelamos á responsabilidade de TODOS e TODAS.

Ao principio non quixemos crer na gravidade do asunto. Pensamos, "será como unha gripe". Logo pasamos a contar os mortos por centos. E agora queremos desconectar e gozar das vacacións. Pois fagámolo si, pero con responsabilidade.

Non pode ser que nos esquezamos tan pronto da situación tan terrorífica que pasamos hai tan só catro meses, especialmente os nosos maiores. Sexamos entón solidarios con eles, e tamén con nós mesmos.

Que pasa co esforzo do persoal sanitario? Tan rápido o esquecemos? Non é comprensible, e menos xusto, que un profesional sanitario teña que pelexar contra o Covid-19 mentres nós estamos tomando o sol sen gardar as distancias ou bailando nunha pista de baile sen máscara de protección.

É moi pouco o que nos piden que fagamos en comparación ao que tiveron que enfrontarse eses profesionais sanitarios nos seus postos de traballo. Non o esquezamos entón, porque á hora de esixir e de pedir responsabilidades tamén temos que esixilas para nós mesmos.

# Tribuna de opinión

## Cobro de comisións

**Xunta Directiva de ASETEM-CCA**

Hai uns días coñecemos que a Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, solicitou ao Banco de España que avalíe as comisións bancarias impostas por parte das entidades financeiras aos seus clientes.

E fíxoo ante a avalancha de queixas e reclamacións que os usuarios presentaron ao ver como, nalgúns casos, esas comisións se viron multiplicadas en función do número de titulares da conta bancaria. Será legal, pero dende logo moral e ético non o é, e menos no contexto social e económico no que nos atopamos despois de atravesar unha pandemia.

Todos temos claro que un banco é un negocio e non está para perder diñeiro, pero dende logo tampouco está para realizar cobros de comisións abusivos. Non hai xustificación algunha para que un usuario que cumpriu coas condicións establecidas teña que pagar por este tipo de comisións.

Sabemos que o obxectivo é acabar coa gratuidade das contas, sobre todo para aqueles "clientes menos rendibles", pero o incomprensible é a tentativa de eliminar esa gratuidade para os usuarios cando o produto co que negocian os bancos é o propio diñeiro dos clientes.

É conveniente esta alerta e, tal e como recomendan as asociacións de consumidores e usuarios, reclamar ante a entidade bancaria primeiro e logo ante o Banco de España. Con todo, esperemos que a petición da Xunta non se quede en papel mollado e se traduza nunha resolución xusta e favorable para os clientes.

**Cerne**

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
**COORDINACIÓN E REDACCIÓN:** Concha Viqueira
**EDICIÓN**: Asociación de Empresarios Terra de Melide
**ENDEREZO:** R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
**Telf. e Fax:** 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
**COLABORACIÓNS:** Francisco Javier Pérez Bello (FEAGA)
**AGRADECEMENTOS:** Pilar López,
Imprenta Meligraf, Eva Novás e Ana Mato
**IMPRESIÓN:** Publicaciones Tameiga S.L.
**DEPÓSITO LEGAL:** OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

# ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....10
- COMARCA.....14
- CULTURA E LECER .....20
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

# Potenciar o ámbito dixital, unha das prioridades para Asetem-CCA

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem) celebrou o pasado 25 de xuño a súa asemblea xeral ordinaria.

Trala lectura da acta do ano anterior por parte do secretario, José Ramón Villamor, procedeuse a facer un balance de todas as actividades desenvolvidas por parte de Asetem durante o ano 2019 e presentáronse os obxectivos previstos para 2020, algúns dos cales xa se cumpriron e outros quedaron pospostos por mor da situación de crise sanitaria que vivimos.

Tamén se realizaron previsións en relación a novas actividades que se van levar a cabo ao longo deste ano, sempre supeditadas ás circunstancias que veñan impostas por este período de nova normalidade.

**Altas e baixas**

Durante a asemblea ratificáronse así mesmo os novos socios. Se o ano pasado se deron de baixa 11 persoas, tamén se deron de alta outras 11. Ademais, tal e como se explicou durante a asemblea "a maioría de baixas estivo motivada por xubilacións ou peches de locais".

Por outra banda, informouse aos socios presentes da publicación e prazo de solicitude da achega de Comercio destinada a Centros Comerciais Abertos, e que cada ano se solicita dende Asetem-CCA, e realizouse un balance das contas da asociación ao longo do ano 2019. Neste senso o máis salientable é que se viu aumentado o gasto debido a que tamén se viu aumentado o nivel de achegas económicas.

**Renovación da directiva**

O apartado segundo da asemblea foi a renovación do 50% da xunta directiva, mais ao non presentarse ningún socio interesado en entrar a formar parte da mesma, esta continuará o seu traballo cos integrantes actuais.

**Dixitalización e promoción do comercio**

En canto ás actividades para este ano a proposta presentada basease fundamentalmente nunha liña encamiñada á dixitalización comercial. Así por exemplo, entre as principais actuacións destacan a difusión e promoción da venda a través de Internet despois de que Asetem-CCA pasase a formar parte da plataforma de venda en liña *Zaska!*. A este respecto, a intención é promover algún desconto online á vez que se traballa na posta en marcha dunha central de distribución de paquetería.

Igualmente, informouse aos socios presentes na asemblea que dende Astem-CCA xa se está a traballar na busca dunha nova imaxe para o Centro Comercial Aberto, tal e como se fixo no seu momento coa artista Eva Iglesias.

A finalidade desta nova imaxe será potenciar a Melide como destino de compras e comercio de proximidade, para o que a asociación tamén continuará aumentando a súa presenza nas diferentes redes sociais.

José Ramón Villamor, secretario; Rodrigo Fernández, vicepresidente; e Pilar López, xerente de Asetem-CCA durante a asemblea

**Medidas fronte ao Covid-19**

Como novidade, hai que salientar que Asetem-CCA acordou realizar unhas máscaras de protección sanitaria personalizadas que lucirán o logotipo de "Merca en Melide"; a imaxe oficial elaborada dende o Concello de Melide para unificar a todo o sector empresarial da vila.

As máscaras distribuídas dende a asociación, que serán lavables e coa posibilidade de incorporar filtro, repartiranse gratuitamente a todos os socios.

Ademais, dado o interese e a boa participación acadada na xornada de formación en "Medidas hixiénico sanitarias fronte ao Covid-19" levada a cabo dende Asetem – CCA, acordouse desenvolver outra xornada máis. "Sabemos que tanto para o comercio como para a hostalería non é finalmente obrigatoria, pero si altamente recomendable, tal e como nos indicaron dende a Xunta de Galicia", aclarouse durante a asemblea.

PERITOS MELIDE

Javier López López - ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049
peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Informes de validación gráfica alternativa
- Fotos antigas do Catastro
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos e traídas de auga

Tfno. / Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL CONTRA EL CORONAVIRUS

*Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19*

Plagostel
N.R.S. (0177-GAL-SPO)
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

# EMPRENDEDORAS EN MELIDE

## TERESA PEREIRO BELAY e YOLANDA ARES SEIJO

***Autoescola Agra*** *(Ronda de Pontevedra, 23 - Baixo, Melide) - Tlf.: 981 50 53 76*

## “Somos centro homologado pola DXT para recuperar os puntos do carné de conducir”

Yolanda Ares e Teresa Pereiro no centro que teñen en Melide

**- Como empezaron en Melide?**

**- Teresa Pereiro (T.P.) e Yolanda Ares (Y.A.):** Nós formamos parte dunha autoescola que había antes con máis socios en Arzúa, onde xa leva funcionando pois ao mellor máis de trinta anos, e haberá aproximadamente dez anos xurdiu a posibilidade de comezar aquí en Melide. Así empezamos. Logo, en todo este tempo fóronse xubilando os nosos socios e quedamos ao fronte da autoescola Yolanda e eu; iso si, seguindo os principios e as bases que traïamos de atrás. Continuamos coas pautas dos nosos mentores.

**- Ademais de en Arzúa e Melide, están en algún outro sitio?**

**- T.P./Y.A.:** Temos unha sección en Santiago, no polígono do Tambre.

**- Que servizos ofrece Autoescola Agra?**

**- T.P./Y.A.:** A posibilidade de sacar todos os permisos de conducir, todos os cursos de ADR para mercancías perigosas, e tamén o CAP para os carnés profesionais tanto de obtención como de renovación. Logo temos unha novidade aquí en Melide que é que, dende setembro de 2018, somos un centro homologado pola Dirección Xeral de Tráfico para recuperar os puntos do carné de conducir.

**- Que volume de alumnos adoitan ter na recuperación de puntos?**

**- T.P.:** Nada en comparación co volume de alumnos que veñen para sacar o carné de conducir. Hai un curso cada mes e adoitamos ter entre 4 e seis persoas, por dicir unha cifra. E veñen a facer tanto cursos de recuperación parcial para recuperar algúns puntos, como cursos para recuperar o permiso de conducir porque o perderon por quedarse a cero puntos, ou por sentencia xudicial.

**- Y.A.:** O que si é certo é que aínda hai moita xente que non o sabe, que o poden facer en Melide. Antes por exemplo, aquí na zona tiñas que desprazarte a Santiago ou a Coruña para poder facer estes cursos.

**- Como lles afectou a alerta sanitaria?**

**- T.P.:** O parón supúxonos unhas perdas moi importantes, como a calquera outro negocio. Paramos completamente, e por obriga, o 13 de marzo e abrimos o 1 de xuño cando comezou a segunda fase. Agora cremos que a xente está respondendo moi ben, están con ganas de sacar o carné e tamén de vir aos cursos de recuperación de puntos, pero si que é verdade que o sistema de exames vai moi, moi lento. Ese é o problema que nos atopamos. Ti traballas todo o día, tes xente para sacarse os carnés de conducir, pero o sistema de exames, aínda que está funcionando, non vai ao ritmo de antes. Iso fai que moitos saquen a teórica ben, pero logo para presentarse a un exame práctico haxa lista de espera.

**- En canto a medidas de protección, como afrontan as clases?**

**- T.P.:** Na parte teórica, nas aulas non nos supuxo moito problema porque temos espazos bastante grandes. E sempre con uso de mascarillas e con xeles desinfectantes a man. O máis duro por dicilo así foi na parte práctica. Agora xa nos permiten levar o coche completo, con todas as prazas, pero ao principio non se podía, e sempre imos con mascarillas e cada vez que se cambia o alumno desinfectamos.

**- Y.A.:** Moita limpeza e moita hixiene, diso se trata. Volveuse todo un pouco máis lento pero a verdade é que os alumnos adaptáronse perfectamente. Non lle tes que andar recordando o uso da mascarilla, nin insistir na hixiene de mans, a verdade é que a súa adaptación foi salientable. E logo tamén é certo que cambiamos algúns hábitos; por exemplo se antes iamos co coche completo, agora tratamos de buscar horarios e situacións que nos faciliten o poder levar menos alumnos á vez.

**- Cambiou o perfil dos seus alumnos?**

**- T.P.:** Non notamos que variara o perfil. Por esta época de verán por exemplo todos os anos, e este non ten porque ser diferente, veñen os alumnos e alumnas que acaban de cumprir os 18 anos.

**Y.A.:** Non notamos tampouco minoración de matrículas. Está vindo o verán como en anos anteriores. Incluso están vindo un pouco antes, igual por iso de que as clases remataron de xeito virtual.

**- Por que dirían que se diferencia Autoescola Agra?**

**- T.P./Y.A.:** A min gústame salientar o trato cercano ás persoas, que é o que nos ensinaron os nosos predecesores, o trato próximo . Non é un alumno máis, senón unha persoa con nome e apelidos que vén a sacar o carné. Ademais somos pobos pequenos, tanto en Arzúa como en Melide, e todos nos coñecemos. Por iso eu destacaría esa cercanía que creo que non atopamos nas cidades.

**- Y.A.:** De feito creo que ás veces aínda nos preocupamos en exceso polo alumnos, que nos involucramos moito con eles, e iso é pola cercanía e porque nos ensinaron así.

## Formación fronte ao Covid-19

O centro sociocultural Mingos de Pita de Melide foi o escenario elixido para realizar a formación en medidas hixiénico-sanitarias fronte ao Covid-19 que desenvolveu Asetem CCA tanto para asociados como non asociados. Gardando a distancia de seguridade e cumprindo as normas sanitarias os preto de trinta asistentes atenderon ás diferentes medidas e recibiron, ao final da xornada, un certificado acreditativo.

## Manexo e xestión da app *Zaska!*

Responsables de diferentes establecementos de Melide que se integraron na plataforma de venda online *Zaska!* recibiron, en diferentes xornadas, asesoramento e formación para o manexo desta aplicación. Foi no salón de actos de Asetem-CCA e coas explicacións dunha técnico onde practicaron aspectos como a descarga da app *Zaska!*, a configuración da conta como *manager* e usuario, ou a suba de produtos e artigos á plataforma.

## Boa acollida para os *Días Brancos*

Foi unha experiencia piloto motivada polas circunstancias sanitarias que vivimos, pero o experimento saíu ben. Así podería resumirse o balance dos primeiros Días Brancos do comercio melidense celebrados do 17 ao 19 de xuño. Se ben é certo que "non se produciron as aglomeracións que espertaba a Noite Aberta, si houbo bastante movemento nos diferentes establecementos", explicou Pilar López, xerente de Asetem-CCA. Como anécdota destacar que se recibiron centos de correos para participar nos diferentes sorteos organizados dende a asociación.

## *POR SER DE XUSTIZA*

### A responsabilidade dos administradores sociais por débedas

*Eva Novás*
**Avogada**

No caso das sociedades de responsabilidade limitada existe a crenza, bastante estendida, de que a responsabilidade dos administradores fronte a terceiros está limitada, segundo di o nome, á aportación de capital que fixeran nesa sociedade. Tendo en conta que cada ano se crea un grande número de empresas con esa forma, responsabilidade limitada ou "S.L.", convén saber que non sempre é así. E é posible esixir a responsabilidade solidaria dos administradores polas débedas da sociedade, de xeito que respondan co seu patrimonio persoal das débedas da empresa que administran.

É importante ter en conta que a acción para reclamar esta responsabilidade ten un prazo de catro anos, a contar dende o momento en que se coñecera que incorreron nesa responsabilidade. Nalgúns casos admítese polos tribunais que a responsabilidade poida esixirse ata catro anos despois de que os administradores cesaran no seu cargo.

Na práctica, esta acción de reclamación é habitual no caso de débedas contraídas polas empresas sabendo perfectamente que non lles ían poder pagar ós acredores. É dicir, cando a empresa estaba nunha situación de insolvencia, viña arrastrando perdas e o administrador incumpriu a súa obriga de disolver a empresa, en lugar de continuar endebedándoa.

A lei establece unha serie de supostos nos que tanto as sociedades anónimas como as de responsabilidade limitada deben, obrigatoriamente, disolverse. E non disolver a tempo supón que aparece a responsabilidade solidaria dos administradores polas débedas da súa empresa, de xeito que deberán responder incluso co seu propio patrimonio.

Estas causas de disolución son numerosas pero para o caso que nos ocupa, que é poder esixir a responsabilidade dos administradores polas débedas da sociedade, destacan dúas, que ademais son de fácil comprobación por parte de terceiros afectados. Unha delas é que a empresa cesase na actividade que constitúa o seu obxecto social. A lei entende que se produciu o cese tras un período de inactividade superior a un ano. De ser así, o administrador está obrigado a disolvela debidamente.

A segunda causa de disolución máis frecuente é que a empresa teña perdas económicas que fagan que o seu patrimonio neto se reduza ata unha cantidade que sexa menor que a metade do capital social, salvo que o capital se aumente ou se reduza na medida suficiente e sempre que non sexa procedente solicitar a declaración de concurso de acredores. É dicir, se se dan perdas económicas que superen estes límites, o administrador ten a obrigación de disolver a sociedade ou, segundo os casos, de presentar un concurso de acredores. Desde que coñece esta situación, ten o prazo de dous meses para convocar unha xunta xeral na que se adopte o acordo de disolver a empresa ou, se esta fose insolvente, de solicitar o concurso. Ademais calquera socio ten dereito a solicitarlles ós administradores esta convocatoria se consideran que se dan as causas de disolución ou teñen coñecemento de que a sociedade é insolvente.

Se o administrador non actúa con dilixencia e non cumpre en tempo cos seus deberes, incorre en responsabilidade e será cando responda persoalmente das débedas que a empresa contraera despois de que xa existira a causa de disolución. E os acredores prexudicados dispoñen dun prazo de catro anos para reclamarlla, incluso despois de que o administrador xa cesara no cargo.

Por último, debe terse en conta que esta responsabilidade non é so dos administradores de dereito, os que aparecen como tales e teñen inscrito o cargo no Rexistro Mercantil. A lei tamén fai responsables ós administradores de feito, que son aqueles que na práctica desempeñan a función de administrador aínda que sexa sen título, con un título nulo ou extinguido ou con outro título, sendo eles quen realmente dan as instrucións ós que figuran como administradores. É dicir, son os que realmente controlan a xestión da empresa pero dando aparencia fronte a terceiros de non ter ningún cargo.

**Eva Novás Mato**
**Avogada**

**Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE**
**Teléfono: 662 30 26 18**

## SABER DE LEI

# LEI MORDAZA

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

Seguramente a coñecida como lei mordaza é unha das leis das que todos escoitamos falar nalgunha ocasión, pola polémica que sempre xerou e que co estado de alarma aínda se fixo máis coñecida.

O 26 de marzo de 2015 aprobouse a Lei Orgánica de Protección da Seguridade Cidadá e entrou en vigor o 1 de xullo dese mesmo ano. Os únicos votos a favor foron os do PP, que por aquel entón gobernaban con maioría absoluta. O rexeitamento foi unánime por todos os partidos políticos da oposición. Tamén moitos foron os cidadáns que protestaron en contra da lei por todo o país, xa que consideraban que atentaba contra as liberdades e dereitos fundamentais.

Dita lei aumentaría as multas por manifestarse sen permiso, pola negativa de disolver unha concentración ou provocar altercados, e as sancións poderían oscilar entre os 600 e s 600.000 euros se a protesta se desenvolvese cerca de institucións como o Congreso ou o Senado perturbando de tal xeito o seu funcionamento.

Tamén chamar a manifestarse sen autorización a través das redes sociais sería sancionado. Ao igual que sería sancionada toda persoa que impedise un desafiuzamento; neste caso as multas oscilarían entre os 600 e os 30.000 euros.

Cincuenta e catro artigos cheos de polémica. Pero a pesar de que foi considerada tanto por todos os grupos políticos e por gran parte da sociedade como unha das leis máis represivas que tivo o país en toda a súa historia democrática segue vixente nos nosos días, tendo gran protagonismo durante o estado de alarma.

É doado ver esta lei como un mecanismo de limitar dereitos, e non de salvagardalos, como debería de ser. Amnistía Internacional recolleu máis de 65.000 firmas para acabar con esta lei, pero nin iso nin as mobilizacións cidadáns, nin os Recursos ante o Constitucional lograron deter a aplicación da mesma.

Coa instauración do estado de alarma en marzo do presente ano a lei mordaza volveu a ser a gran protagonista, xa que foi usada para multar aos que non cumprían coas restricións. O Ministerio do Interior aplicou dita lei contra aqueles que non cumprisen coas restricións de circulación fixadas durante o estado de alarma para combater a expansión do Covid-19. Así o recollía a orde ministerial; na mesma hai un apartado onde recollía o relativo ao réxime sancionador, no que se lle recorda á cidadanía que ten o deber cívico de colaborar e non obstaculizar o labor dos axentes e que o incumprimento ou a resistencia ás ordes das autoridades competentes sería sancionado con arranxo ao disposto nas leis. E esas leis ás que se refire son basicamente a Lei de Seguridade Cidadá. Dita orde refírese ao artigo 36.6 da citada lei, que considera como infracción grave a desobediencia ou resistencia á autoridade ou aos seus axentes no exercicio das súas funcións, cando non sexan constitutivas de delito, así como a negativa de identificarse ou a alegación de datos falsos ou inexactos nos procesos de identificación.

Como resultado de todo isto, nos 75 días que durou o estado de alarma, cerca de 1,1 millón de multas foron interpostas, un 42% máis que nos seus tres primeiros anos de vida.

Pode ser que os motivos principais de que siga vixente a lei máis polémica dos últimos tempos fosen os dous adiantos electorais, unha lexislatura fallada e unha crise sanitaria. O que está claro é o sentir dunha gran parte da sociedade, a cal considera a lei mordaza como un auténtico retroceso democrático para o país, e que supón unha grave ameza para a democracia e as súas liberdades como son as liberdades de reunión, expresión e información, e que polo tanto pide a súa ansiada derrogación.

Pero sexa como sexa a lei mordaza cumpre este mes un lustro de vida tendo a mesma popularidade coa que naceu.

# Solicitan ao Banco de España que avalíe a imposición de comisións

A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC), instou ao Banco de España a que avalíe a imposición de comisións por parte de varias entidades financeiras para que, no seu caso, se adopten as medidas pertinentes, garantindo o cumprimento dos dereitos dos consumidores e usuarios.

O IGCC diríxese ao organismo estatal en relación coas diferentes consultas e reclamacións que se están recibindo por estes cobros, que segundo o reflectido polos usuarios se multiplica en función do número de titulares da conta.

Na carta remitida ao Banco de España, desde o IGCC indícase que o procedemento normativo existente para a tramitación das reclamacións deste tipo (primeiro ante o Servizo ao Cliente da entidade bancaria e posteriormente ante a institución estatal) pode supor unha dilación no tempo na resolución das reclamacións. Por iso, demándase que se estude a situación proposta para evitar que esta práctica poida estenderse durante varios meses, xerando prexuízos entre a cidadanía no actual contexto económico.

Os usuarios que desexen recibir información e asesoramento en relación con este asunto, teñen á súa disposición o teléfono gratuíto do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, o 900 23 11 23.

# Achegas aos Centros Comerciais Abertos para dinamizar o sector

Foto: X.C

A directora xeral de Comercio e Consumo, Sol Vázquez Abeal, mantivo un encontro telemático con representantes das asociacións de comerciantes, entre os que se atopaban responsables de Asetem-CCA, para informalos das axudas por 2,5 millóns de euros que vén de activar a Xunta para impulsar a competitividade do comercio mediante a colaboración cos centros comerciais abertos (CCA), entre outras entidades.

O obxectivo é impulsar o papel dinamizador do comercio na actividade das vilas e cidades galegas a través de iniciativas que permitan atraer clientela e mellorar os servizos que se ofrecen aos consumidores na actual situación económica.

O prazo de presentación de solicitudes para estas achegas, que poden acadar os 40.000 euros, permanecerá aberto ata o 20 de xullo.

Entre as principais novidades, CCAs e asociacións de praceiros poden obter axudas para a activación de *market places* para venda e promoción dos produtos dos establecementos asociados.

No encontro tamén se presentou a nova canle de comunicación directa da Administración autonómica coas asociacións de comerciantes, unha intranet na que poderán realizar consultas, acceder a documentación e achegar as súas propostas.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

**REXCE AUDIOPRÓTESIS**
E. 15-001241

**REXCE ÓPTICA**
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

# “Coa imaxe de marca común queremos visibilizar que Melide é un pobo de comercio local”

*As circunstancias sanitarias que vivimos fan que todo proxecto ou celebración estea condicionado á evolución da pandemia do coronavirus. Coa vista posta no Mercamelide de verán, e tamén nas festas de San Roque, e tendo en conta a situación económica que atravesan sectores como o do comercio, a hostalería ou o ocio, entrevistamos a Xosé Igrexas, concelleiro de Promoción Económica, Facenda, Industria, Traballo, Seguridade Cidadá e Medio Rural do Concello de Melide. Con el abordamos tamén aspectos como o traslado do mercado dos domingos á rúa Galicia e praza das Universidades, a reapertura dos establecementos de ocio nocturno ou a problemática das verteduras dende o polígono industrial da Madanela.*

**- Cumpriron recentemente o seu primeiro ano de mandato. Que balance fai?**

**- Xosé Igrexas (X.I.):** Non foi un ano normal a verdade. Tomamos posesión o 15 de xuño de 2019, conformouse o goberno o 9 de xullo e o 12 de xullo, como todo o mundo sabe, tivemos o gran problema dos vertidos. Xa foron meses complicados de por si, porque foi un dos vertidos máis graves ao longo da historia, aínda que non o único, porque este problema está aí dende o ano 2005; pero é que a ese problema de gran calado que tivemos que afrontar nada máis chegar ao goberno sumouse despois a aparición dunha pandemia. Foron tres meses de confinamento nos que a administración non estivo totalmente paralizada, pero si se demoraron algunhas cuestións. A pesar de todo iso non se pode dicir que sexa un ano perdido porque internamente fixéronse cousas, aínda que non se vexa o traballo cara a fóra. Fomos capaces de asentar o goberno, tamén fomos capaces xa de acabar a execución do POS do ano 2017, que estaba sen executar cando nós entramos, imos licitar parte do POS do ano 2018 e xa se está tramitando todo o 2019 para ser licitado este ano. Adiantouse moito traballo administrativo tamén; concedéronse por exemplo moitas licenzas que estaban paralizadas, había case 200 paralizadas, algunha incluso do ano 2018. E agora é certo que temos aínda os condicionantes do Covid-19, como en todos os concellos, pero ao mesmo tempo e dentro das nosas posibilidades seguimos estruturando as accións de goberno.

O concelleiro Xosé Igrexas na praza do Convento de Melide

**- Despois dun ano complexo, como ve o sector económico da vila?**

**- X.I.:** O Covid trouxo bastantes consecuencias, e sobre todo para o noso sector comercial. De aí que tanto a través de Asetem como do Concello esteamos facendo distintos plans e distintas campañas para a súa promoción. Creo que se foi recobrando pouco a pouco, pero aínda falta moito porque foron tres meses de confinamento; tres meses cos negocios pechados e hai negocios que xa nin abriron. A cuestión agora é que non haxa ningún rebrote e que non haxa que pechar de novo, como sucedeu na Mariña. E logo tamén haberá que ver que vai pasar no outono.

> “O Covid trouxo consecuencias, sobre todo para o noso sector comercial. Hai negocios que xa nin abriron”

**- Máis de preto no tempo, en agosto volve o Mercamelide no Camiño. Algunha novidade para esta edición?**

**- X.I.:** Máis aló de que se celebrará os días 7, 8 e 9 de agosto tampouco podemos programar moito, máis que nada porque coas circunstancias actuais pode pasar calquera cousa e o día previo ter incluso que suspendelo. A idea é facer o mesmo que o ano pasado, no cantón de San Roque, con actividades de dinamización, pero cumprindo coas normas sanitarias e tratando de que discorra con normalidade.

**- Sacaron unha imaxe de marca común para o sector produtivo de Melide. Como xurdiu a idea e cal é o obxectivo?**

**- X.I.:** É unha idea que xa tiña pensada antes do Covid. O obxectivo é visibilizar que Melide é un pobo de comercio local; que no exterior se vexa o logotipo e se identifique ao momento con Melide. Pedinlle propostas a unha deseñadora melidense e esta pareceume moi interesante porque simboliza o Norte, Sur, Este e Oeste; tamén as dúas estradas principais da vila; é dicir, que Melide é un cruce de camiños, que Melide é o cerne de Galicia e que no cerne de Galicia e no cruce de camiños hai comercio ao que podes vir dende calquera parte da comunidade e de fóra. De aí tamén o slogan *Merca en Melide, Merca no Cerne de Galicia*. E as diferentes cores son porque representan os distintos sectores comerciais.

**- Teñen xa algunha actividade prevista baixo esta marca?**

**- X.I.:** Si. Dende o Concello imos lanzar a campaña *Merca en Melide, Merca no Cerne de Galicia*, que vai consistir nunha promoción do comercio por sectores. Un mes será un sector, outro mes outro sector e así sucesivamente, e imos comezar polos salóns de peiteado porque tamén foron dos máis golpeados pola crise do Covid ao tardar máis en abrir as súas portas.

**- Para cumprir coas norma sanitarias en relación ao Covid-19 trasladaron de lugar o mercado dominical de téxtil, calzado e ferraxería. Que aceptación está tendo a nova localización?**

**- X.I.:** Maioritariamente a aceptación foi boa e a xente está moi contenta co traslado. Sempre hai quen non por suposto, pero en xeral moi ben. De feito, viñeron outros concellos de Galicia que fan mercados periódicos a velo para estudar como o implantamos e pareceulles moi interesante.

> “A aceptación do cambio de localización do mercado dos domingos foi maioritariamente boa”

**- Pensan deixalo na nova localización pasada esta situación?**

**- X.I.:** Temos que ver como evoluciona a pandemia, pero polo menos ata que haxa unha vacina vai quedar así, porque a normativa xa contempla que ata que haxa vacina vai haber restricións, e esas restricións obrigan a cumprir determinadas normas que non se cumprían estando o mercado onde estaba. E despois, se continúa a boa aceptación sería unha posibilidade.

**- Vai haber festas de San Roque este ano?**

**- X.I.:** Non como antes; é dicir, a comisión de festas non vai organizar nada, así que non haberá festas de San Roque como tal. O que si, dende o Concello decidimos reprogramar e ampliar as actividades do verán cultural, adaptándoo tamén ás novas circunstancias, para que eses días haxa algunha actuación musical, actividades para nenos, e demais. Non vai a ser nin se vai a chamar San Ro-

que, senón que vai a ser un verán cultural diferente.

**- Melide é coñecido como referente do ocio nocturno. Como está afrontando o sector a reapertura?**
**- X.I.:** Está sendo complicado, ten en conta que as normas que hai que cumprir son moi estritas. O aforo viuse reducido, se a xente sae á rúa non pode estar amontoada... Creo que agora mesmo dentro do sector da hostalería é o que peor o ten.

> "Non vai haber festas de San Roque como tal, pero o Concello vai organizar un verán cultural diferente"

**- Preparan algunha medida ou liña de axuda específica para este sector?**
**- X.I.:** Vai haber medidas para axudar a todos os sectores porque todos teñen o mesmo tipo de gastos debido ao Covid. Neste senso a Deputación afrontará unha parte do gasto e os Concellos afrontaremos outra.

**- Trala reapertura, estase respectando a normativa en relación ao Covid-19 no sector do ocio nocturno?**
**- X.I.:** A concelleira de Cultura e Turismo e eu tivemos unha reunión co sector dos pubs para analizar as medidas que tiñan que implantar en relación ao Covid, e dende o sector comprometéronse a que a xente cumprise esas medidas. Tamén tivemos unha reunión coa Garda Civil e coa Policía Local e estamos coordinados. Que pasa, pois que é complicado. Sabemos que non todo o mundo cumpre, non por parte do sector que si o fan, pero xestionar a responsabilidade de cada persoa individualmente é algo practicamente imposible. Estamos vendo que este problema afecta a toda Galicia e tamén a fóra de Galicia. Que hai que facer? Concienciación; non queda outra, porque as normas de limpeza si se están cumprindo. O primeiro día non abriron todos, así que imos ir vendo como evoluciona a situación. Se non se cumpre coa normativa xa se sabe cales son as consecuencias.

**- Prevén aumentar a vixilancia para controlar que se cumpran as normas?**
**- X.I.:** Agora mesmo está a Garda Civil, e seguramente no mes de agosto reforzaremos algunha noite coa Policía Local.

> "Imos ir vendo como evoluciona a situación no ocio nocturno. Se non se cumpre coa normativa xa se sabe cales son as consecuencias"

**- Cambiando de tema e xa para rematar, aprobaron en pleno extraordinario solicitar á Xunta de Galicia unha depuradora para o polígono da Madalena; unha proposta dos empresarios do parque empresarial. Hai algunha novidade con respecto a este tema?**
**- X.I.:** De momento non tivemos resposta. Mandouse o acordo á Xunta, tanto á Consellería de Infraestruturas como á Consellería de Medio Ambiente e a Augas de Galicia. Si houbo unha reunión entre o alcalde e a directora de Augas de Galicia na que nos informaron de que estaban rematando o proxecto para conectar as augas residuais do polígono coa EDAR, e quedaron de envialo este mes de xullo. O que ocorre é que fan o proxecto pero non aportan o financiamento, por iso estamos en conversacións, porque persoalmente creo que é discriminatorio que nuns concellos si se financie e noutros concellos non. Isto tamén foi transmitido polo alcalde de Melide á propia directora de Augas de Galicia na reunión; por que si en Cerceda ou en Frades por exemplo, e por que non en Melide.

**- Sen resposta ao tema da depuradora, cal é solución ás verteduras do polígono?**
**- X.I.:** Tal e como lle transmitiu o alcalde á Augas de Galicia, se os informes nos garanten que a conexión das augas residuais do polígono á EDAR é a solución –pero teñen que garantilo os técnicos–, o Concello non ten ningún problema en poñer a súa parte; aínda que cremos que debería ser financiado integramente por parte da Xunta porque o polígono está xestionado por Xestur. O que temos claro é que se trata dunha cuestión que, aínda que sexa temporalmente, hai que solucionala xa. Non podemos estar abrindo sancións ás empresas e investindo recursos e grandes cantidades de diñeiro en analíticas e controis con cámaras; esa non é a solución, a solución é a depuración das augas.

> "Non podemos estar abrindo sancións ás empresas; esa non é a solución, a solución é a depuración das augas"

# O proxecto para tratar as augas residuais do polígono estará listo este verán

Augas de Galicia prevé concluír este verán o proxecto para conectar as augas residuais do polígono da Madanela coa depuradora municipal; así llo comunicou a directora de Augas de Galicia, Teresa Gutiérrez, ao alcalde de Melide, José Manuel Pérez, no transcurso dunha reunión mantida a mediados do pasado mes de xuño.

(A.T.R.F.)

A redacción do proxecto para a canalización das augas residuais do polígono industrial coa EDAR foi adxudicado pola Xunta de Galicia por máis de 16.000 euros; unha actuación que agora require dun investimento de preto de 730.000 euros para executarse.

Neste senso, a directora de Augas de Galicia lembrou que dito organismo non ten competencias para a súa execución "por tratarse dun proxecto de saneamento dun polígono industrial", motivo polo que emprazou ao Concello de Melide a empezar "a traballar na procura de apoio para o seu financiamento".

Durante o encontro Teresa Gutiérrez tamén apuntou á necesidade de que "as empresas do polígono traten as súas augas residuais antes de conectalas á rede municipal", e lembrou que é o Concello de Melide quen ten "a responsabilidade de velar porque esas augas cumpran cos parámetros de vertido establecidos".

Finalmente, e "co obxectivo de combater a contaminación do río a curto prazo" tamén se acordou que a Xunta preste apoio técnico ao Concello "para deseñar un plan de control de vertidos específico para o río Furelos que lle permita ao municipio aumentar a eficacia no seu deber de control".

**Aproban pedir unha depuradora á Xunta**

Tan só catro días antes da reunión celebrada entre a directora de Augas de Galicia e o alcalde de Melide, o pleno da corporación municipal de Melide acordou por unanimidade solicitar unha depuradora para o polígono industrial da Madanela á Xunta de Galicia.

Foi durante un pleno extraordinario celebrado na Casa da Cultura, e cargado de reproches entre a oposición e o equipo de goberno, no que finalmente se aprobou o acordo a proposta dun grupo de empresarios do polígono industrial.

Entre as reaccións a este acordo destaca a da asociación de Troiteiros Río Furelos, que o avaliou como "positivo" aínda que "botamos en falta a ausencia dun proxecto concreto acompañado dun orzamento e unha axenda que propor ás consellarías implicadas á hora da negociación", apuntaron.

Así mesmo, o colectivo de pescadores destacou a carencia "dunha proposta para evitar que continúen as verteduras" e a "ausencia de referencia algunha ao problema da calidade sanitaria das augas da Tosta e alternativas para a súa solución".

# Licitan as obras de rehabilitación e posta en valor da ponte de Furelos

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, anteriormente Fomento, licitou as obras de rehabilitación e posta en valor da ponte de Furelos cun orzamento que ascende a 285.515 euros.

As obras, que se inclúen no marco dun conxunto de actuacións que teñen por obxecto a mellora do Camiño de Santiago ao seu paso por dez municipios das provincias da Coruña e Lugo, darán comezo previsiblemente en outono e terán un prazo de execución estimado de seis meses.

**Descrición das obras**

Os traballos buscan a posta en valor do monumento mediante a reparación das patoloxías non estruturais, a limpeza e repavimentación da súa superficie, así como a creación dun miradoiro na marxe sur do río que sirva como plataforma de observación da propia ponte e como punto de descanso para os peregrinos.

Dende o Ministerio puntualizaron que a proposta de intervención en relación á ponte de Furelos estableceuse dende unha perspectiva ligada intimamente ao pobo e á paisaxe, ao seu patrimonio, á memoria e ao contexto histórico.

Dende a administración tamén sinalaron que se está a traballar para que esta e outras intervencións no Camiño de Santiago estean dispoñibles aos visitantes no vindeiro Ano Santo, que comezará en 2021, contribuíndo así a dinamizar o turismo e a xerar actividade económica local.

# Máis de 250.000 euros do POS para incrementar a seguridade viaria

O pleno do Concello de Melide aprobou por unanimidade o acordo do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+2020 por un importe de 250.436 euros que se destinarán a incrementar a seguridade viaria tanto en zona urbana como rural do municipio.

Serán un total de 14 actuacións nas que se acometerán traballos de pavimentación e limpeza.

Así por exemplo, entre as accións que se van levar a cabo atópase a limpeza de cunetas, a regularización e pavimentación mediante aglomerado asfáltico ou o reforzo da sinalización viaria nos lugares de Baltar, Grobas, Alvite, San Cosme, San Cibrao, Zaramilou Maceda ou na rúa Furelos, xa en pleno casco urbano.

**Outras actuacións**

No mesmo pleno tamén se aprobaron outras actuacións como a reparación do colector de pluviais e a súa conexión coa rede de saneamento municipal, ou a renovación do pavimento da beirarrúa na Ronda de Pontevedra e no CEIP Nº2 de Melide, situado na Martagona.

A estes traballos súmanse a realización de dous pasos elevados nas proximidades do CEIP nº1 que reforzarán a seguridade dos cativos e das súas familias durante o curso escolar.

# As obras para rehabilitar de forma integral o CEIP Nº1 comezarán este verán

A Consellería de Educación licitou, por 956.948 euros, a obra de rehabilitación integral do Colexio de Educación Infantil e Primaria Nº1 de Melide.

A previsión é iniciar as obras no centro durante o verán e compatibilizalas a partir de setembro co curso escolar, sempre baixo as máximas medidas de seguridade.

A actuación, que conta cun prazo de execución de tres meses, inclúe unha parte centrada na mellora da eficiencia enerxética do centro, mediante a substitución da cuberta existente na zona de comedor-cociña e na deportiva por unha nova; ademais do illamento das fachadas polo exterior. Tamén se renovarán as ventás e colocaranse luminarias LED.

A mellora da accesibilidade ao centro conseguirase mediante a instalación dun ascensor exterior que comunique todas as plantas, dunha rampla exterior en planta baixa no acceso principal ao edificio, e doutra rampla no interior da planta soto que conecte o ximnasio co ascensor.

Por outra parte, crearanse novas aulas no interior da actual vivenda do conserxe, que estarán dotadas dos accesos pertinentes. A maiores, está prevista a reparación e pintado de paramentos interiores, o esmaltado de carpinterías interiores de portas e o abrillantado do pavimento de terrazo.

# Un incendio nunha casa do centro obriga a desaloxar dúas vivendas

Un incendio declarado de madrugada nunha vivenda situada en pleno centro de Melide, moi preto do cantón San Roque, obrigou a desaloxar dous edificios anexos na noite do pasado venres 26 de xuño, sen que por fortuna houbese que lamentar danos persoais xa que o inmoble estaba deshabitado.

O Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE) 112 Galicia tivo constancia do suceso moi preto das dúas da madrugada. "Foi a esa hora cando varias persoas particulares chamaron ao 112 Galicia para dar conta do suceso", indicaron.

Os xestores de emerxencias pasaron aviso aos Bombeiros de Arzúa, á Garda Civil e aos efectivos de Protección Civil de Melide que decontado se desprazaron ata o lugar provistos cunha motobomba para tratar de sufocar as lapas. Ademais, "púxose en alerta aos Bombeiros de Ordes, de Betanzos e ao Servizo de Urxencias Sanitarias de Galicia-061, por se fose precisa a súa intervención".

Foto: A.M.A.

Juan Carlos Curros, responsable de Protección Civil de Melide explicou que "sobre as cinco da mañá retirámonos do lugar, pero sobre as sete e media máis ou menos reactivouse de novo o incendio na casa contigua".

Despois de traballar durante toda a noite o lume deuse por controlado; non obstante, durante boa parte da mañá os bombeiros realizaron labores de ventilación e arrefriamento das paredes.

Unha vez estabilizada a situación os veciños desloxados puideron volver as súas casas.

En canto ao inmoble afectado polo lume, este quedou case totalmente derruído, pois tanto o teito como o interior viñéronse abaixo.

O suceso, que espertou gran expectación entre os veciños, motivou que un treito da Avenida de Lugo quedase pechado ao tráfico mentres os servizos de emerxencia traballaron na extinción do lume.

# 19 positivos en alcohol e drogas nun control nocturno

(Foto: G.C.)

Na noite do 11 ao 12 de xullo a Garda Civil estableceu varios controis de alcohol, drogas e velocidade nas vías de acceso e saída de Melide.

Pese á escasa circulación en comparación con anos anteriores as patrullas da Garda Civil detectaron 19 positivos en alcohol e drogas, dos cales se investigaron dous por delito contra a seguridade viaria ao superar a taxa legalmente establecida en 0.60mg/l e que se considera delito. Ademais, catro condutores quedaron pendentes do resultado do laboratorio ao dar indicios de consumo de drogas na proba.

Os vehículos foron inmobilizados ata que desapareceron todos os indicios de estar baixo os efectos de ditas substancias, e agora todos eles enfróntase a sancións de entre 500 e 1.000 euros e á perda de entre 4 e 6 puntos.

Na mesma noite, unha das patrullas da Garda Civil tamén detectou a un condutor ao que se lle retirara o permiso de conducir ao ter perdido a totalidade dos puntos.

Dende o Sector de Tráfico da Garda Civil en Galicia veñen intensificando a vixilancia nas zonas de ocio nocturno prestando especial atención ao control de alcohol e drogas co obxectivo de evitar vítimas nas estradas galegas.

Segundo as estatísticas do instituto armado, o alcohol aparece no condutor como factor concorrente nun 26% dos accidentes mortais. Así, 1 de cada 4 falecidos por accidente de tráfico tiña presenza de alcohol no momento do accidente.

# Sancións económicas por non limpar as fincas

O Concello de Melide lembrou a obrigatoriedade que teñen os veciños e veciñas da vila de manter limpos de maleza os seus terreos e fincas de cara á época estival.

A través dun bando especifícase que os propietarios de terreos e parcelas teñen a obriga de "mantelos en condicións de seguranza, salubridade e ornato público, así como de realizar os traballos e obras precisas para conservalos en boas condicións".

De non facelo, as sancións por incumprimento van dende as leves, cunha cantidade de 100 a 1.000 euros; ata as graves, de 1.001 euros a 100.000 euros; e as infraccións moi graves, de 100.001 euros a un millón de euros.

O prazo para poder realizar estes traballos de limpeza e mantemento de solares mantense ata o 16 de xullo, momento no cal, de non estar realizados comezarán a aplicarse as sancións económicas.

# Realizan traballos de mellora no treito da AC-840 ao seu paso por Melide

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciou as obras de mellora do firme da estrada autonómica AC-840, no seu treito coincidente coa travesía de Melide.

Esta actuación, que conta cun prazo de execución dun mes, levarase a cabo nun tramo da estrada de preto de 1,3 quilómetros, concretamente entre os puntos quilométricos 50+486 e 51+770.

**Rematan o saneamento na parroquia de Santa María**

Tras adaptar o proxecto ás exixencias marcadas polo entón Ministerio de Fomento, Augas de Galicia acometeu e rematou os traballos de saneamento na parroquia de Santa María, adxudicados no seu día por un importe de máis de 116.000 euros.

Os traballos consistiron na construción dun sistema de algo máis de 1,4 km de lonxitude que recolle as augas residuais urbanas naquelas vivendas carentes deste servizo e a súa conexión á rede xeral existente.

A parroquia de Santa María contaba ata este momento cunha rede de saneamento na área que discorre pola marxe esquerda da estrada N-547 en dirección Santiago. Para mellorar esta situación, os traballos realizáronse nas marxes esquerda e dereita da vía.

Para completar as actuacións nesta parroquia, na que existen unhas vivendas situadas a unha notable diferenza de cota con respecto ás demais, Augas de Galicia adxudicou en marzo deste ano, por un importe duns 8.500 euros, a redacción do proxecto construtivo de ampliación da rede de saneamento. O proxecto estase a ultimar e o importe estimado das actuacións é de preto de 134.000 euros.

# Festas do Carme: unhas festas do pobo, para o pobo

## Manolo Rodríguez, membro da comisión de festas: "traballaremos arreo porque Melide non pode perder estas festas tan familiares"

Se hai unha celebración por excelencia no mes de xullo en Melide é a celebración das Festas do Carme; unha cita que, como moitas outras, este ano tivo que ser suspendida por mor da alerta sanitaria do Covid-19.

Este aprazamento cobra especial relevancia se temos en conta que, pese a que se sucederon diferentes comisións ao longo do tempo, nunca dende o ano 1947 se interromperon as Festas do Carme.

"A verdade é que estamos moi apenados por non poder facer estas festas tan familiares e que tanto significan para nós e para o pobo de Melide; sobre todo porque sabemos que aquí hai moita devoción á Virxe do Carme", explica Manolo Rodríguez, quen leva ao fronte da comisión de festas 15 anos.

Tamén neste caso a pandemia colleu á organización con todos os preparativos xa case rematados, "de feito –relata Manolo– tiñamos avanzado xa un programa no mes de novembro, e para a procesión do día 16 estaba todo listo; ía ser unha procesión moi, moi fermosa e espectacular porque ía ir primeiro unha banda militar tocando, logo o grupo de gaitas os Gaiteiros do Balado de Toques, despois unha charanga, a Virxe e ao final a banda de Vilatuxe".

Coa dedicación e esmero que lle poñen dende a organización non é de estrañar que as Festas do Carme sexan coñecidas como un evento familiar que reúne a centos de fieis chegados de todas as partes da comarca e de fóra da mesma; é máis "a confraría que vén dende o ano 1947 é unha das máis antigas de España", engade Manolo.

Tanto é así que pese á situación sanitaria actual, e sabedores de que en Melide a Virxe do Carme ten devotos dende tempos moi antigos, este ano decidiuse manter a novena relixiosa, iso si, cumprindo con todas as normas de seguridade en relación á prevención do virus do Covid.

(Fotos: Comisión Festas do Carme)

Antano a festa do Carme celebrábase na estrada que vai a Santiago. O palco colocábase "no espazo que hai entre a casa de Pardo e a travesía do Campo". A confraría da Nosa Señora do Carme fundouse o 16 de xullo de 1741

**Traballando xa nas festas do ano que vén**

Carácter familiar, unha procesión moi bonita, ambiente festivo con orquestras de baile… para que todo iso non se perda dende a comisión de festas xa están a traballar na edición do ano que vén. "Para o 2021 xa temos practicamente todo pechado e como este ano non puido ser queremos que o próximo ano sexan unhas festas do melloriño, para que a xente poida desquitarse. Traballamos e traballaremos arreo porque Melide non pode perder estas festas tan familiares".

E para iso, para que a tradición continúe e non se perda fai falla xente que dedique o seu tempo á organización. Aí todos coinciden en sinalar a Manolo como o gran artífice e responsable de que a maquinaria nunca se pare.

"Temos a mesma comisión dende hai quince anos e sabemos perfectamente o traballo que dá organizar un evento así, e aí o gran responsable e o que debe levar todos os méritos é Manolo, que traballa arreo e sen descanso para que todo sexa perfecto; os demais apoiamos, pero quen traballa e el que xa comeza a preparar o do ano seguinte o mesmo día que acaba a festa", destaca Mina Varela, presidenta da comisión de festas. E vaia se isto é certo que xa teñen á venda a lotería para o ano que vén.

"Xunto a Manolo –engade Mina–, contamos coa axuda doutras persoas moi importantes para nós, como son por exemplo Luís Fondevila, que nos apoia moito como secretario da comisión de festas, e incluso a súa muller Pilar, ou tamén Fátima, que son persoas que están moi involucradas en todo isto para que as festas cheguen sempre a bo porto".

A súa profunda devoción á Virxe do Carme e os moitos anos como confrade motivaron a elección de Mina Varela como presidenta da comisión de festas pese a non ser nativa de Melide, senón da parroquia de Campos.

**As tradicións "de sempre"**

É obrigatorio preguntar por que se diferencian as Festas do Carme, sobre todo se temos en conta que para cada pobo a súa festividade é a máis especial. Non obstante, a resposta é contundente: "é como estar en familia, son unhas festas do pobo e para o pobo, cun ambiente familiar e con verbenas que comezan moi cediño para que a xente de sempre poida bailar, que é o que lles gusta; son as tradicións de sempre".

E xustamente iso, a tradición, é o que mantén viva esta celebración. Neste senso, lembra Manolo o costume de cando a comisión vai a pedir e leva o ramo á casa, "a xente da casa recíbeo, cólleo e pásao por toda a vivenda; e é máis, antigamente a xente da casa cando se despedía do ramo en vez de entregalo á comisión levábao acompañando á comisión á seguinte casa; era unha das tradicións máis bonitas", di. Ese ramo é o que posteriormente vai na procesión.

Traballo, dedicación e sobre todo ilusión que este ano se viron interrompidos pola chegada dunha pandemia. Con todo, dende a comisión das Festas do Carme lanzaron unha mensaxe tranquilizadora e de optimismo, "que a xente non se preocupe, que estean tranquilos que o ano que vén vai haber unhas festas incribles, unhas festas como se merece o pobo de Melide e para as que esperamos seguir contando cos mesmos apoios que recibimos todos estes anos pasados e dos que tan agradecidos estamos".

# Enquisa: Que lle parece o traslado do mercado dos domingos?

O mercado téxtil, de calzado e ferraxería dos domingos volveu a Melide o pasado domingo 21 de xuño despois do levantamento do estado de alarma, e fíxoo estreando localización.

Así, os postos dedicados aos produtos non alimenticios trasladáronse dende a zona antiga da vila á rúa Galicia e praza das Universidades co obxectivo principal de garantir as distancias sociais e cumprir as medidas de seguridade ditadas polos responsables sanitarios en relación á prevención do Covid-19.

A este respecto, o concelleiro de Promoción Económica de Melide, Xosé Igrexas, xa avanzou que esta será a localización do mercado polo menos "ata que haxa unha vacina" para o coronavirus.

A nova situación do mercado dos domingos espertou entre os comerciantes de Melide críticas a favor e en contra deste traslado, polo que dende Cerne fixemos un pequeno percorrido aleatorio entre diferentes establecementos asociados a Asetem para recoller as súas opinións. Isto é o que nos contaron.



**Sonia Segade (Sueños e Dándolo)**

"Por un lado non me gusta a nova localización porque antes vías movemento no pobo, aquí no centro, e agora como que a xente bota de menos que o mercado estea aquí ao lado dos comercios e na zona dos viños. Pero por outro lado tamén creo que a xente que quere vir ao comercio vai a vir igual. O que si teño que dicir é que si o noto, ao estar aquí no centro noto como que por un lado está mellor alá onde o puxeron porque así non hai tanta aglomeración; pero claro, polo outro lado tamén se nota a falta de ambiente que había antes".

**Gloria Vázquez (Ferretería Noguerol)**

"A min paréceme que está moito mellor alá. Á parte, fun a velo o outro día e paréceme que está todo moi ben organizado, están eles moito mellor e todo máis concentrado. Para min moito mellor alí, sen lugar a dúbidas. Non teño dúbida ningunha".

**María Sánchez (Mercería Marvi)**

"A min paréceme moi ben o traslado do mercado. Está todo isto moito máis despexado, a xente anda máis libremente, se queren vir á tenda veñen igual e o que quere ir ao mercado vai ao mercado igual tamén. E hai xente que vai ao mercado e vén á tenda despois, ou ao revés; a nova localización non lle inflúe. Penso que alí onde está agora está moi ben".

**Dolores Vázquez (Mercería Isabel)**

"A min paréceme mal o traslado que fixeron. O mercado debería estar máis repartido pola zona vella. Con esta nova localización prexudícannos aos comerciantes, non en relación á xente que vén de vello, que nos vén de sempre e que xa vén pola semana; pero a xente que vén nova, que veñen comer o pulpo, que veñen da Coruña ao mellor, de Vigo, pasean pola zona vella simplemente. Entón, se o mercado está ás aforas pasearán polas aforas e non se achegarán ao centro, á zona vella. A miña opinión é que volvese o mercado para aquí, pero con outras restricións; que se puxesen máis separados e así era ben para todos. Ben por se ten que vir unha ambulancia e para que pase polo centro; e ben polo tema que estamos atravesando do coronavirus, que isto vai para largo".

**Xosé Ramón Laia (Laia Zapateiros – Artesáns)**

"Eu creo que o mercado debía manterse ben regulado, pero onde estaba e mesturado co resto do comercio melidense. Sempre funcionou ben. Hai outras localidades no largo do tempo que si fixeron ese cambio e foi negativo. O que quero dicir é que eu creo que debera de manterse no sitio onde estivo sempre, pero ben regulado. Que haxa paso suficiente para o viandante, para a xente melidense e para a xente que vén de fóra; que haxa paso suficiente para unha emerxencia, iso é moi importante; e polo demais que se manteña onde estaba cumprindo a normativa do Covid claro. E é máis, penso incluso que eles mesmos, os postos do mercado, queren vir para aquí. Pénsoo por outras veces que houbo intentos de sacalos de aquí do centro do pobo, eles non estaban de acordo".

**Mónica Segade (MyM)**

"A min paréceme xenial o cambio. Eu polo menos, como tiña os postos diante da tenda, agora vexo como a rúa está moito máis limpa. Claro que se ve menos xente, pero a xente que che quere vir comprar vaiche vir comprar igual. A xente tamén anda máis cómoda pola rúa, e supoño que os postos tamén estarán máis cómodos alí onde están agora. Ademais así tamén evito os problemas que tiña cos contedores que mos poñían aquí diante. Eu estou encantada xa digo. Oxalá se quede así para sempre".

**Ángeles Sánchez (Perfumería Lyss)**

"A miña opinión a nivel de viandante é que me parece que o mercado está mellor onde está agora, que onde estaba antes no cruce, todos amontonados. Ás veces xuntábase moita xente e era un incordio para pasar. Logo en canto a nivel de vendas, a nós persoalmente como tenda non nos repercutiu o cambio para nada, nin para mellor nin para peor".

**Pilar Varela (Librería Victorio)**

"Xa sen pensar na tenda, que loxicamente para a tenda sempre vén ben; pero sen pensar niso a min a nova localización do mercado paréceme xenial pola amplitude que hai. Simplemente por iso eu creo que xa está moito mellor onde está agora".

**María Pena (Romero Zapaterías)**

"O cambio parécenos fantástico, está moito mellor situado o mercado agora porque é unha zona moito máis ampla. Ademais, notamos que na nosa tenda vén incluso a xente a mercar de forma máis ordenada, non toda a última hora como ao mellor viñan antes. E logo tamén vemos que alí cúmprense mellor as medidas, teñen máis espazo e vese o pobo incluso moito máis limpo".

# O PP gana as eleccións en Galicia e vence tamén en toda a comarca

Os galegos estabamos chamados a votar este 12 de xullo para elixir o presidente da comunidade que, por cuarta vez consecutiva e con maioría absoluta, saíu erixido Alberto Núñez Feijóo.

Así, co 100% do voto escrutado o Partido Popular obtivo 41 deputados, o BNG pasou a ser a segunda forza do Parlamento con 19 deputados, e o PSdeG-PSOE será a terceira forza con 15 deputados.

Pola súa parte, a confluencia Podemos-EU-Anova quedou fóra do Parlamento, e Vox e Cs non conseguiron representación.

Na comarca, o claro vencedor foi tamén o PP, tanto no concello de Melide con 2.236 votos, como en Santiso con 493 votos, en Sobrado con 618, e en Toques con 467 votos.

Agás en Sobrado, que foi o PSdeG-PSOE, no resto da comarca a segunda forza política máis votada foi o BNG.




**Participación: 58,88% (1.315.510)**
**Abstención: 41,12% (918.799)**
**Votos Nulos: 0,95% (12.558)**
**Votos en branco: 0,90% (11.722)**

## RESULTADOS NA COMARCA

### Melide

| | | |
|---|---|---|
| PP | 2.236 ↓ -339 | 59,75% ↓ -1,27% |
| B.N.G. | 879 ↑ +503 | 23,49% ↑ +14,58% |
| PSdeG-PSOE | 448 ↓ -48 | 11,97% ↑ +0,22% |

### Santiso

| | | |
|---|---|---|
| PP | 493 ↓ -130 | 60,34% ↓ -0,09% |
| B.N.G. | 172 ↑ +79 | 21,05% ↑ +12,03% |
| PSdeG-PSOE | 114 ↓ -64 | 13,95% ↓ -3,31% |

### Sobrado

| | | |
|---|---|---|
| PP | 618 ↓ -71 | 64,04% ↓ -0,11% |
| PSdeG-PSOE | 176 ↓ -26 | 18,24% ↓ -0,57% |
| B.N.G. | 135 ↑ +62 | 13,99% ↑ +7,19% |

### Toques

| | | |
|---|---|---|
| PP | 467 ↓ -43 | 69,29% ↑ +2,80% |
| B.N.G. | 108 ↕ 0 | 16,02% ↑ +1,94% |
| PSdeG-PSOE | 77 ↓ -5 | 11,42% ↑ +0,73% |

# O Plan Único da Deputación suporá un investimento de case 900.000 euros nos concellos de Melide, Santiso e Toques

A Deputación da Coruña aprobou por unanimidade no pleno de xuño a primeira achega do Plan Único (POS+2020), que suporá un investimento de 899.047,08 euros nos concellos de Melide, Santiso e Toques.

Como cada ano, esta cantidade irá incrementándose progresivamente ao longo do exercicio, coa incorporación de fondos adicionais.

**Investimentos**

Construción de beirarrúas e mellora de estradas e camiños; creación de redes de saneamento e abastecemento de auga; melloras en infraestruturas culturais e deportivas son algúns dos proxectos que contarán este ano con financiamento do POS+ provincial para a súa execución. Na comarca o importe total destinado a este apartado é de 294.355,6 euros.

Outra parte importante do Plan Único (489.429 euros) destínase a financiar parte do gasto corrente dos concellos da comarca. Con estes fondos, a Deputación colabora cos municipios de Melide, Santiso e Toques no financiamento dalgúns servizos esenciais como a limpeza de rúas e estradas, a recollida de lixo ou o alumeado público, que contribúen a mellorar a calidade de vida dos veciños.

**Gastos sociais extraordinarios derivados do Covid19**

Cabe destacar que o Plan Único conta este ano cunha achega especial de 4 millóns de euros procedentes de superávit para apoiar aos concellos da provincia nos gastos sociais extraordinarios derivados do Covid19.

Destes 4 millóns, os concellos de Melide, Santiso e Toques reciben un total de 115.262,44 euros que se destinan a cuestións como o reforzo dos servizos municipais de Asistencia no Fogar ou a compra de equipos de protección (EPI).

Pola súa banda, na comarca de Santiago, o plan impulsado polo goberno provincial supón este ano unha inxección económica inicial de máis de 13 millóns de euros, dos que preto da metade (6.1864.103 euros) serán destinados ao financiamento de 66 obras de construción e mellora de infraestruturas públicas.

| CONCELLO | GASTO CORRENTE | INVESTIMENTOS | GASTO SOCIAL COVID 19 | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| **MELIDE** | 304.749,97 | 73.752,28 | 55.662,09 | 434.164,34 |
| Adec. rúa Ourense esq. rúa Doctor Emilio Pereiro (Deputación: 73.752,28) | | | | |
| **SANTISO** | 96.679,65 | 117.955,07 | 31.563,93 | 246.198,65 |
| Camiño de saída de Mourazos e outros (Deputación: 44.002,41) | | | | |
| Camiño á piscina (Visantoña) e outro (Deputación: 32.130,45) | | | | |
| Pavimentación camiño en Felgueira e outros (Deputación: 41.822,21) | | | | |
| **TOQUES** | 87.999,42 | 102.648,25 | 28.036,42 | 218.684,09 |
| Camiño de Santa Uxía a Ponte Queimadas e outro (Deputación: 65.499,99) | | | | |
| Pavimentación camiño no Castro (Vilamor) (Deputación: 37.148,26) | | | | |

Merca en
Melide
Cerne de Galicia
Concello
de Melide

# Pulpería EZEQUIEL

Ctra. de Lugo, 48 - Cantón
de San Roque (Melide)
Tfn.: 686 583 378

# Pazo Eidián

Vén...

...e descúbreo!

Eidian, 5 (Pontevedra)
691 57 81 32 (Información e Reservas)
info@pazoeidian.com - www.pazoeidian.com

Especialidad
en **CARNES**
**a la BRASA**



# Parrillada RUA

Avda. de Lugo, 50 - 15800 Melide (Tfn.: 981 50 60 76)

# Cervecería Chaplin

Volvemos!! e
facémolo
celebrando o
***35º aniversario***

Cantón de San Roque nº 17 Baixo - Melide
Tlfn. 981505355

**Unha plantación de nogueiras e camelias** para producir té, e **un complexo turístico, gastronómico e cultural** entre os proxectos subvencionados polo GDR en Santiso

# Investir... e innovar no rural




Curso sobre camelias e nogueiras do GDR ao que asistiu Begoña López; e lugar onde se situará o futuro complexo gastronómico, cultural e turístico de Ana Mouriño en Beigondo (Fotos: GDR e G.M.)

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) – Ulla Tambre Mandeo, do que forman parte os Concellos da comarca da Terra de Melide, aprobou oito axudas á inversión no medio rural que suporán algo máis de 900.000 euros.

No caso concreto da comarca as achegas son diversas. Así por exemplo, coa finalidade de mellorar a súa produtividade destaca a que vai dirixida a Espomasa de Poliuretanos S.L. de Toques, "que adquirirá unha máquina que mellorará o proceso de fabricación, facéndoo máis rápido e eficiente"; ou a destinada en Melide a "un mozo que leva anos traballando como carpinteiro e que decidiu, ao xubilarse o seu xefe, montar o seu propio servizo de carpintería, e para o que solicita unha pequena axuda para as inversións iniciais".

Máis, a novidade este ano vén da man de dous proxectos orientados á creación de novas empresas ou actividades, ambos no municipio de Santiso.

Nun deles, consistente no "uso alternativo do monte", a súa promotora, Begoña López, cultivará nogueiras e camelias para a elaboración de té "nunha finca que ata o momento estaba plantada a eucaliptos". No outro caso, a súa responsable, Ana Mouriño, creará "un servizo de catering con servizos complementarios de ocio para turistas e locais ao pé do encoro de Portodemouros no río Ulla; concretamente no lugar de Beigondo onde ten parada o único ferri de augas interiores de Galicia".

## Plantación para a produción de té

"O obxectivo final desta idea non é que sexa un medio de vida, senón un modo de vida"; así define o seu proxecto Begoña López. Foi despois de comprar unha finca de 2.192 metros cadrados que "estaba completamente a monte, con eucaliptos e de todo", e despois de facer un curso do GDR sobre camelias e nogueiras cando se decidiu a apostar por este proxecto.

"O curso pareceume do máis interesante, a min xa sempre me gustou o té, pero non sabía todo o que había detrás; e tendo a finca pensei en realizar este tipo de plantación porque coas condicións de clima que hai en Galicia poderíase dar perfectamente, e ademais reúnense tamén as condicións para realizar un cultivo totalmente ecolóxico", explica.

Deste xeito, as camelias sinensis e as nogueiras substituirán ao eucalipto. "Non vou plantar eucalipto, iso de ningunha maneira, porque do monte tamén se pode facer outro tipo de uso e iso é o que quero, un uso alternativo do mesmo", explica, "ademais, con este proxecto quero ensinarlle ás miñas fillas que é necesario coidar o que temos, que vexan que neste mundo non todo é Internet, senón o que nos rodea e a necesidade de coidalo. É algo que saquei en claro do confinamento".

A simbiose entre nogueira e camelia é perfecta para a produción de té, de aí que Begoña optase pola plantación de tres especies distintas de nogueiras e logo camelias sinensis; todo cun sistema para regar que aproveite a auga da chuvia.

Unha vez realizada a plantación, a previsión é que en tres anos aproximadamente estea lista a primeira produción de folla de té. Logo, tras esta primeira recolección, xa podería facerse unha cada 15 días.

## Un complexo turístico, gastronómico e cultural

É unha veterana no coñecemento do sector turístico, sobre todo no ámbito do turismo rural, e conta tamén con formación en cociña. E foi precisamente iso, sumado á falla dunha oferta gastronómica e turística concreta, o que animou a Ana Mouriño a embarcarse neste proxecto.

"Detectei unha carencia con respecto aos turistas, e tamén á xente local, en canto á oferta gastronómica, sobre todo en Beigondo, que é onde se situará este proxecto", explica Ana. "Vas facer sendeirismo, pasear, montar a cabalo, e mesmo as persoas que están aloxadas nas casas de turismo rural, non teñen onde parar a comer, por iso pensei nun servizo de catering que ao mesmo tempo contará cunha parte cultural e outra turística", engade.

*O Remanso de Cosme*, que así se chama o proxecto, englobará polo tanto un complexo turístico, gastronómico e cultural con varios obxectivos definidos. Así por exemplo, "no ámbito gastronómico daremos atención á falta actual de servizos para as casas de turismo rural existentes na parroquia de Beigondo cun servizo de catering baseado na gastronomía local e utilizando produtos locais e ecolóxicos –sinala Ana–, e non só aos turistas porque a idea é que o servizo de catering tamén poida ser utilizado polas persoas maiores do rural", di.

Neste sentido, destaca o feito de que se potenciarán os produtos galegos como "o queixo Arzúa-Ulloa, os melindres, froitos, cogomelos, licores, te, aceite, mel; e de produción local dando prioridade aos produtos de temporada e ecolóxicos que serán cultivados nunha horta ecolóxica que faremos na mesma parcela na que se construirá a cociña do complexo".

Xa na parte turística ofertaranse servizos como "aparcamento e lavado de bicicletas; gardado, alimentación e limpeza dos cabalos que estean realizando rutas; fomento do Sendeiro da Beseña e da pesca deportiva no encoro de Portodemouros; así como un servizo de información para as persoas que estean facendo o Camiño de Santiago".

Finalmente, no ámbito cultural Ana destaca como obxectivo "mellorar a calidade de vida das persoas maiores e dos nenos coa creación dun espazo que favoreza a interxeneración e actividades culturais como concertos musicais, cine-club, exposicións temporais de pintura e escultura sobre todo de autoras galegas, e un parque infantil inexistente na parroquia para o disfrute dos cativos da mesma e dos visitantes".

O orzamento total estimado para este proxecto é de algo máis de 195.000 euros, mentres que a parte subvencionada polo GDR ascende a 70.865 euros. Pola súa banda, a previsión é que se creen arredor de tres postos de emprego para un complexo que "deberá estar rematado a finais de 2021".

"É certo que cando empezas sempre tes algunha dúbida, pero creo que é unha boa oportunidade, incluso con todo isto do coronavirus, porque o turismo que busca a xente é o alleo ás masificacións e en contacto coa natureza. As perspectivas creo que son boas porque ademais esta oferta en concreto non existe actualmente", conclúe a súa promotora.

**Achegas de carácter social**

Xunto ás achegas aprobadas para a inversión no rural, o GDR tamén aprobou dúas axudas de carácter social entre as que figura a destinada á asociación de mulleres rurais Alecrín de Melide "para a recompilación de cancións e lendas populares". A inversión total para este proxecto é de 15.000 euros dos que o GDR subvencionará o 55%.

# Máis de 100.000 euros para a conservación de vías na comarca

## A Deputación adxudicou o Plan de Conservación de Vías Provinciais 2020 por un total de 5,4 millóns

A Deputación da Coruña completou o proceso de adxudicación das obras do Plan de Conservación de Vías Provinciais para o ano 2020, no que o investimento total destinado ao grupo 14 da zona B, formado polos concellos de Melide, Santiso, Sobrado e Toques, é de 104.045 euros.

No tocante ao total, o investimento nos 36 grupos e cinco zonas nas que se divide a provincia acadará este ano os 5.421.552 euros.

O programa contempla a execución de traballos de mantemento, reparación do firme e pavimentación ao longo do ano nas estradas da rede viaria da Deputación.

Todas estas actuacións están destinadas a mellorar as condicións de circulación, aumentar a seguridade viaria e reducir a sinistralidade nas estradas da provincia.

Ademais do Plan de Conservación, o servizo de Vías e Obras da Deputación conta con outro programa destinado exclusivamente á roza e limpeza das marxes das estradas provinciais, co obxectivo de mellorar e axilizar este servizo e no que se inclúe a limpeza das marxes de todas as estradas varias veces ao ano, para mellorar a visibilidade da circulación, evitar a propagación de incendios e facilitar a drenaxe de augas pluviais.

O orzamento dos programas de Conservación e de rozas das estradas provinciais suman un investimento duns 4.000 euros anuais por quilómetro para manter nas mellores condicións as estradas da provincia.

# O CEIP Plurilingüe de Toques incorpórase á "educación dixital"

## O programa diríxese a centros que imparten os dous últimos cursos de Primaria e os dous primeiros de ESO

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional publicou no Portal Educativo a resolución definitiva de centros sostidos con fondos públicos seleccionados para incorporarse ao proxecto de educación dixital, E-Dixgal, durante o curso 2020/21.

Entre os novos 125 centros que se incorporan a este programa figura o CEIP Plurilingüe de Toques. Todos eles súmanse ademais a outros 4 centros que amplían a súa participación no proxecto implantándoo noutra etapa educativa.

A través deste programa facilítaselle ao alumnado, de xeito gratuíto, libros e outros materiais dixitais cos que poder desenvolver o seu proxecto curricular de 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º da ESO. Así mesmo, os centros que se incorporan a este proxecto son dotados cos medios tecnolóxicos necesarios na aula para profesorado e alumnado.

A incorporación ao E-Dixgal en educación primaria implica impartir todas as materias en modalidade dixital; mentres que facelo en ESO supón impartir un mínimo de seis materias, a elección do centro, en modalidade dixital.

O proxecto E-Dixgal, que impulsan a Consellería e a Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia), enmárcase na Estratexia galega para a educación dixital (Edudixital 2020). Neste curso participan neste proxecto un total de 345 centros, que continúan tamén no programa. Tras estas novas incorporacións, formarían parte do E-Dixgal 470 centros educativos.

# O PP de Toques cualifica de "ano perdido" o primeiro ano de goberno do bipartito

Miguel Castro, voceiro do Partido Popular de Toques, quixo facer balance do primeiro ano de goberno do bipartito formado polo PSdeG-PSOE e BNG, o cal cualificou como "365 días de inoperatividade absoluta".

En palabras do portavoz municipal "foi un ano nefasto, onde en vez de avanzar retrocedimos –dixo–, perdimos un ano, o actual goberno nótaselle a falta de ilusión que repercute en todos e cada un dos veciños e veciñas, xa que temos na actualidade un goberno falto de iniciativas e de proxecto para Toques. Un goberno á deriva sen unha folla de ruta marcada, no que van pasando os días pero non se traducen en feitos".

Os populares de Toques acusaron ademais ao goberno local de "pouca sensibilidade" ante a situación derivada da crise sanitaria provocada polo Covid-19. Neste senso, Castro argumentou que "non se acordou durante este tempo nin dos autónomos nin tampouco dos empresarios", e criticaron que "en plena crise sanitaria o Concello non desviase fondos para paliar as necesidades dos veciños e veciñas con menos recursos".

O portavoz popular destacou así mesmo "a falta de axudas e iniciativas para incrementar a conciliación laboral e familiar, alegando á falta de información sobre os campamentos de verán que todos os anos se viñan organizando na vila".

# Rematan a senda peonil que conecta A Balada e Vilar de Ferreiros, en Santiso

Foto: D.C.

A Deputación da Coruña rematou as obras de mellora da seguridade viaria na estrada provincial DP 4603, ao seu paso polos núcleos de A Balada e Vilar de Ferreiros, no concello de Santiso.

Os traballos supuxeron un investimento de 360.265 euros para a construción dunha senda peonil de case 3km de lonxitude (2.800 metros) e 1,5 metros de ancho.

A actuación incluíu tamén o acondicionamento dos espazos libres de dominio público coma zonas verdes, mediante o estendido de terra vexetal e a plantación de céspede e árbores, e a colocación de bancos e caixas de madeira para a ocultación dos contedores do lixo, mellorando así a estética da zona.

# Os programas de emprego para concellos facilitan a contratación de 9 desempregados na comarca

A área da comarca de Santiago, na que se inclúen os concellos de Melide, Santiso e Toques, recibirá este ano máis de 971.800 euros para os tres plans de emprego da Xunta de Galicia: Aprol Rural para desempregados do rural, as axudas para a contratación de perceptores da Risga e para desempregados para realizar obras ou servizos de interese xeral.

Concretamente, no caso da comarca da Terra de Melide crearanse 9 postos de traballo: 2 en Santiso e 1 en Toques para servizos de interese xeral; 2 en Santiso ao abeiro da Risga; e 2 en Melide, 1 en Santiso e outro en Toques a través do plan de emprego Aprol Rural.

Pola súa parte, en total na cidade e municipios da área de Santiago crearanse 82 postos de traballo; mentres que na provincia da Coruña o investimento total ascende ata os 4,3millóns para crear 488 empregos.

**Aprol Rural**

O Aprol Rural, co que se apoia a contratación de persoas sen emprego no rural galego, financiará a totalidade dos custos salariais nos contratos, incluída a Seguridade Social segundo estea marcado no convenio colectivo vixente no momento no que o concello presentou a súa solicitude. Neste caso financíase a contratación durante un período de 9 meses para a realización de tarefas relacionadas, maioritariamente, coa prevención de incendios.

Como novidade con respecto a anteriores edicións, os concellos rurais de menos de 2.000 habitantes poderán contratar a persoas que xa fosen contratadas por un período igual ou superior a 9 meses con cargo a axudas concedidas no ano 2019 pola Consellería de Economía.

**Risga**

O obxectivo deste programa é proporcionar aos beneficiarios a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral a través dun contrato que será subvencionable durante 9 meses.

**Desempregados**

O terceiro dos programas de emprego refírese ao plan de cooperación co que se apoia a contratación de persoas sen emprego para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social co obxectivo de proporcionarlles experiencia e práctica profesional que permita a súa inserción. Este programa destínase na maior parte dos casos á contratación de socorristas.

Os contratos serán de tres meses -no caso de que sexan a tempo completo- ou de seis meses para os de tempo parcial.

# O PP de Sobrado tacha de "continuísta e falto de proxectos" o orzamento do goberno local

María Jesús García, portavoz do Partido Popular de Sobrado, criticou as contas presentadas polo goberno local para este ano por "chegar tarde" e seguir "unha clara liña continuísta na que se botan en falta proxectos para afrontar con garantías os retos do futuro que terán que abordar os veciños do municipio", dixo.

Segundo explicaron os populares, no documento económico, que recolle un incremento do 18% respecto ao último aprobado, pasando de 2,4 a 2,9 millóns de euros, "apreciase unha subida do 30% no apartado do gasto corrente e dun 26% no referente ao gasto de persoal, pese a non ter aínda definida a Relación de Postos de Traballo (RPT) do municipio".

"É moi chamativo –sinalou García– e á vez moi triste, que se incrementen os gastos, pero se reduza nun 10% o apartado destinado a inversións", e lamentou que "desta maneira, servizos como o do subministro da auga non se poida mellorar ao contar só cun presuposto de 25.000 euros".

Dende o Partido Popular criticaron tamén o feito de que o goberno local anuncie unha subvención para facer fronte aos gastos de material provocados polo Covid-19, pero "sen embargo, nas contas municipais non se reflictan nin axudas, nin medidas reais para que os autónomos e as pequenas empresas poidan manter a súa actividade".

García apuntou tamén que o Concello de Sobrado non cumpriu o obxectivo de estabilidade orzamentaria, nin a regra de gasto no último exercicio, "o que obriga ao goberno local a presentar un plan financeiro que permita cumprir estes parámetros o próximo ano", sinalou.

Así mesmo, lamentou que os veciños se vexan obrigados a pagar impostos "altísimos" por mor da "mala xestión do goberno local". "O alcalde di que eles non subiron os impostos, que foi o catastro, pero a realidade é que este ano o Concello vai recadar 350.000 euros máis no IBI", concluíu.

## Descende o paro na comarca agás en Melide, que sobe en 10 persoas

Pese a que a cifra global de persoas desempregadas na comarca ao remate do mes de xuño é exactamente a mesma que ao remate do mes de maio, 612 persoas, o que reflicten os datos é un leve descenso do paro nos concellos de Santiso, Sobrado e Toques mentres que, pola contra, aumenta no municipio de Melide.

Así, por concellos en Melide hai 427 persoas desempregadas (10 máis con respecto ao mes de maio), en Santiso 76 (3 persoas menos), en Sobrado 63 (4 persoas desempregadas menos), e en Toques 46 persoas sen emprego (3 menos que ao remate do mes de maio).

Por sectores, o peor resultado continúa sendo para o sector servizos, cun total de 384 persoas desempregadas, seguido polo sector da construción e da industria con 71 persoas sen emprego respectivamente. En agricultura a cifra de parados é de 40 persoas.

As 46 persoas restantes do total de 612 parados na comarca xa figuraban sen emprego anteriormente.

## Toques, no cupón da ONCE

O concello de Toques será o protagonista dunha edición especial de cupóns da ONCE.

Trátase dunha colección que o grupo social ONCE vai sacar baixo a temática de xentilicios curiosos e para a cal o Concello de Toques foi seleccionado para representar á provincia da Coruña.

Deste xeito, no boleto aparecerá o escudo do Concello de Toques e tamén o xentilicio do municipio; unha forma máis de dar a coñecer e difundir a localidade.

# Encargan un proxecto para ampliar a ponte sobre o río Mandeo en Sobrado

Foto: G.S.V.

A Deputación da Coruña asinou o contrato para a redacción dun proxecto de ampliación da ponte sobre o río Mandeo, na estrada DP 8001 en Sobrado, que suporá a eliminación dun punto estreito desta vía. O contrato foi adxudicado por 15.391 euros.

O obxectivo do proxecto é conseguir unha ponte cunha calzada de 7 metros de ancho, beiravías de medio metro e un paso peonil de 1,80 metros; o que ofrecerá un ancho suficiente para o cruce de dous vehículos en condicións de seguridade e mellorará a seguridade dos viandantes nunha zona que actualmente carece de paso peonil.

O proxecto valorará a posibilidade de ampliar a ponte actual ou construír unha completamente nova que garanta a seguridade viaria e dea continuidade ás obras de ampliación e mellora que a Deputación xa acometeu nos tres primeiros quilómetros da estrada. Débense proxectar tamén os desvíos necesarios para dar servizo ao tráfico durante a execución das obras.

# Cine, música e espectáculos en familia conforman o Verán Cultural de Melide

Como cada ano o Concello de Melide organiza o Verán Cultural con actividades de todo tipo e para todas as idades; iso si, nesta ocasión prestando especial atención ás circunstancias sanitarias.

Deste xeito, o Verán Cultural 2020 contempla tres seccións que serán as noites de cine en galego; os xoves en familia e as noites musicais.

As noites de cine en galego serán o venres 31 de xullo ás 22.00 h no parque Rosalía de Castro coa proxección do filme O que arde; e o venres 7 de agosto tamén ás 22.00h no parque Rosalía de Castro con Eroski Paraíso.

Os xoves en familia desenvolveranse os días 30 de xullo, e 6 e 13 de agosto. As actuacións terán lugar na praza do Convento ás 20.30 horas e consistirán en diferentes espectáculos musicais e de circo para público familiar.

Finalmente, as noites musicais celebraranse os días 1, 8 e 14 de agosto a partir das 21.30 horas na praza do Convento.

Concerto musical durante o Verán Cultural do ano pasado (T.M.)

Neste caso, o día 1 actuará Camaño & Ameixeiras; o día 8 Davide, Fransy e Cibrán; e o venres 14 será a quenda para Zoelas.

Debido a que a capacidade dos espectáculos será limitada por mor da obriga de cumprir as normas sanitarias, é preferible reservar praza chamando ao número de teléfono 981 50 50 03 (ext.5) ou no correo electrónico reservasculturais@concellodemelide.gal

## LECER NA COMARCA E APERTURA DAS PISCINAS

**Melide**
En Melide está aberta ao público a área recreativa de Furelos en horario de 12.00 a 20.00 horas e cun aforo máximo que rolda o 50% da capacidade.

**Santiso**
O Concello de Santiso xa comunicou no seu día que este verán non abriría a piscina municipal de Visantoña e que tamén se suspendían as actividades do campamento de verán. No canto diso está aberta a área recreativa da Cornella.
Tamén anunciaron a través das redes sociais oficiais do Concello que a axencia de lectura ten "a disposición dos usuarios o servizo de consulta e préstamo bibliotecario". Os que o precisen deben chamar ao teléfono do Concello 981 81 85 01 para pedir cita.

**Sobrado**
No Concello de Sobrado está aberta a piscina municipal de luns a domingo en horario de 15.00 a 20.00 horas.

Por outra banda, suspendéronse a Feira da Troita e a Festa do río pero son múltiples as actividades previstas para os vindeiros meses:

-Venres 24 de xullo ás 21.00h, concerto de Xoan Curiel
-Mércores 29 de xullo ás 20.30h, obra de teatro "Muiñada"
-Mércores 5 de agosto ás 22.00h, cine con "O que arde"
-Domingo 9 de agosto, XIV Edición do Día da Bici con saída ás 11.00h; e ás 13.30h música a cargo de Mekanika Rolling Band
-Mércores 12 de agosto ás 20.30h, teatro, circo e acrobacias con "Ghop"
-Domingo 16 de agosto ás 13.30h, Festicultoures Troupe
-Mércores 19 de agosto ás 22.00h, cine con "The Way. O espírito do camiño"
Todas estas actividades terán lugar na praza do Concello.

Ademais, durante os meses de xullo e agosto organízanse visitas guiadas gratuítas ao campamento militar da Ciadella; concretamente o 31 de xullo, e os días 14 e 28 de agosto en horario de 11.00 a 12.30h. Para estas visitas é preciso inscribirse previamente no enderezo electrónico:
reservas@xeitura.com

Finalmente, durante o mes de agosto e en colaboración coa Asociación de Amigos do Mosteiro de Santa María de Sobrado terán lugar unha serie de andainas os sábados día 1 (12.5km), 8 (12km) e 15 de agosto (12km). As saídas terán lugar ás dez da mañá da praza do Concello e a inscrición é gratuíta. Pode facerse no enderezo electrónico amigosmonasteriosobrado@gmail.com

**Toques**
No Concello de Toques está prevista a apertura da piscina municipal, así como o desenvolvemento de actividades de lecer segundo vaian evolucionando as circunstancias sanitarias.

# Aberto o prazo ata o 10 de agosto para participar nos campamentos de Melide

Foto: C.M.

Pese á situación sanitaria que vivimos o Concello de Melide organizou un ano máis os campamentos urbanos de verán co obxectivo de favorecer a conciliación familiar e laboral.

Así, un total de 32 nenos e nenas de entre 4 e 12 anos participan nos campamentos urbanos do Concello de Melide que deron comezo o pasado 6 de xullo. Os rapaces e rapazas están distribuídos en diferentes grupos de idade e nos que se priorizan as actividades ao aire libre.

Debido a que a limitación está en 75 nenos e nenas por semana, dende o departamento de Cultura do Concello de Melide mantense aínda aberto o prazo para poder participar nos campamentos que rematarán o 14 de agosto.

Como a inscrición se realiza por semanas, as familias que desexen inscribir aos rapaces e rapazas poderán facelo ata o luns 10 de agosto. Ademais, as familias poderán seleccionar no momento da inscrición as semanas nas que o neno ou nena vai participar nos campamentos. No caso de querer darse de baixa nalgunha das semanas inscritas, o pai ou a nai terán que solicitar a modificación dos datos antes do mércores previo á semana en cuestión.

O horario do campamento está a ser de 8.45 da mañá a 14.15 horas do mediodía.

O prezo para as quendas semanais de catro días é de 12´40 euros, mentres que para as quendas de cinco días é de 15´50 euros habendo descontos para familias numerosas.

Este ano os campamentos contan cun protocolo específico sanitario para a prevención do Covid-19, ademais de diminuír o número de nenos e aumentar o número de monitores por neno.

# Máis de 60.000 euros para a mellora de infraestruturas turísticas na comarca

A Xunta de Galicia notificou a un total de 16 concellos, mancomunidades e consorcios locais ou agrupacións de concellos da área de Santiago que son beneficiarios das axudas que o Goberno galego reserva para impulsar actuacións de posta en valor da riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística do rural.

No caso concreto da comarca, as achegas suman un total de 60.282 euros distribuídos da seguinte maneira: 22.941 euros para actuacións de mellora en Leboreiro e Furelos, no concello de Melide; 7.341 euros para a creación dun miradoiro sobre o río Ulla en Santiso; e 30.000 euros para a mellora das infraestruturas turísticas no concello de Toques.

Sufragaranse así, entre outras, accións de embelecemento dos accesos e bens declarados de interese cultural, iluminación ornamental, recuperación e creación de miradoiros paisaxísticos ou recuperación de elementos de interese etnográfico ou da arquitectura tradicional entre outras.

# O Club Melide Fútbol Sala terá seis equipos a vindeira temporada

A nova normalidade permitiu retomar certa actividade tamén no deporte e o Club Melide Fútbol Sala aproveitou esa circunstancia para rematar a formación dos seus equipos.

Así é que, ás tres categorías actuais que son o biberón, benxamín e alevín hai que sumar a creación de tres equipos máis: o prebenxamín, infantil e sénior. "Non contabamos con ter tantos así que en principio estamos moi contentos –apuntaron dende o club–, porque se todo vai ben para a próxima temporada teremos seis equipos".

**Volta aos adestramentos**

Sen data fixa aínda para a volta ao traballo o Club Melide Fútbol Sala xa organizou seis días de adestramento os pasados 29 e 30 de xuño, e os días 6, 7, 13 e 14 de xullo. "Non se celebraron partidos como tal, senón que foron adestramentos individuais para respectar as normas de prevención do Covid. Aínda así os rapaces estaban moi contentos e con ganas de volver".

Con estas seis xornadas o club dá por rematado o traballo ata setembro que será cando se retomen os adestramentos para posteriormente comezar a competición; sempre, iso si, que as circunstancias sanitarias o permitan. "A intención é comezar a adestrar un pouco antes de setembro e despois empezar a competición que, dependendo da categoría, unha será a finais de setembro e outra a mediados de outubro máis ou menos".

Dende o Club Melide Fútbol Sala quixeron agradecer a boa acollida que están tendo as diferentes categorías e apelaron de novo á colaboración de empresarios e posibles patrocinadores "ben sexa facéndose socios ou colaborando, porque seguimos necesitando o apoio de todos para que os equipos saian adiante", apuntaron.


## Club Melide Fútbol Sala

### SOCIOS COLABORADORES TEMPORADA 2019 - 2020

CADENA CIEN
HARINAS MELIDE
PULPERÍA A GARNACHA
LA FRUTERÍA DE CELIA
CLÍNICA MELIDENT
HIJOS DE CASAL MARIÑO
QUEIXERÍA TERRA DE MELIDE
CERVECERÍA O TRASNO
RESTAURANTE XANEIRO DE TOQUES
FERRALLAS VULCANO
PULPERÍA EZEQUIEL
CAFETERÍA M40
FERRETERÍA NOGUEROL
CAFETERÍA ANUSKA

Silvia Buján Estilistas
ZAFIRO TOURS
MELIMÁTICA . SOFTWARE . CONSUMIBLES . PORTÁTILES . SOBREMESA . TPV . GPS . TELEVISIÓN . SERVICIO TÉCNICO
VIÑOTECA Ribeirao
APTC café - bar
Licores elaborados dende 1954 CASA MEJUTO
SERVICIOS FUNERARIOS EL MUEBLE, S.L.
Muebles PAULA
Anic DIFUSIÓN comunicación gráfica
García industrias cárnicas
cm Aluminios Melide
Roval JOYERÍA JR
CERVECERÍA Pinocho
ÓPTICAS TÁBORA
agra AUTOESCOLA
INPUGAL.com Serigrafía - Publicidade - Agasallos
CLICKFER SIC Tlf: 981 50 79 54 MELIDE WWW.SICIRE.COM
RAXERÍA - PARRILLADA RAMOS
HC 96 Hotel Carlos Restaurante Melide
LIALTRANS, S.L. Lugar Rego do Seixo, nº3 BOIMORTO Tel.: 630 054 465
verea tejasytejados
Limpiezas Mary Tlf. 981 507 395 - 687 042 003 Melide - A Coruña

autos Suárez
CONCELLO DE MELIDE
Deputación DA CORUÑA
XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO

# PÓÑANSE A CUBERTO

Adoitamos escoitar nestes días de infamia que a reacción dos españois ante a crise sanitaria foi exemplar; os cidadáns estamos moi por encima da clase política, din.

Para min é un erro. Eu creo que a clase política de hoxe represéntanos quizais mellor do que nunca o fixo; creo sinceramente que temos os políticos que nos merecemos, mediocres e irresponsables.

Vexamos: Os datos de paro de maio son, dígase o que se diga, moi malos e amosan un deterioro intenso da actividade económica e o emprego desde o peche da produción. O paro subiu en máis de 26.000 persoas. O número de parados rolda xa os catro millóns, máis outros tres millóns en situación de suspensión de emprego a través dos ERTES.

A afiliación á Seguridade Social sobe en maio preto de 100.000 persoas, pero non é un bo dato, aínda que o pareza, pois é o peor mes de maio dende o ano 2012. O último día do mes déronse de baixa 27.000 afiliados, cerrando maio con 18.556.129 cotizantes. En termos interanuais é o peor maio dende 2009, xa que se perde nun ano case 900.000 cotizantes. Estes son datos, non previsións. Podemos enganarnos a nós mesmos, pero a realidade é a que é.

A profundidade da crise deixase entrever e será maior que a sanitaria se non se toman medidas de maneira inmediata para evitar a destrución do tecido produtivo.

No plano social, aceptamos o arresto domiciliario imposto polo goberno sen a máis mínima protesta (oxalá non teñamos que repetir experiencia, pero sería curioso saber como reaccionariamos ao encerro cun goberno doutro sesgo), con resultados nefastos: o virus matou en España máis xente que en ningún outro sitio, e ao parar completamente a economía as consecuencias van ser terribles. Polo momento só o intuímos, pero cando chegue o outono aflorará con todo o dramatismo.

Agora que se pode saír á rúa e respirar un pouco, chega o momento de pedir axuda a quen pode prestala, é dicir, á Unión Europea, para reclamar programas de axuda financeira aos países máis afectados por esta maldita pandemia, entre os que está, á cabeza das desgrazas, como adoita ser habitual, España. O curioso é que lograron convencernos de que en Europa hai unha serie de países moi malos e egoístas, porque fan cousas moi raras, como cumprir os seus deberes, vixiar o seu déficit e os seus niveis de endebedamento, o que lles permite deseñar marcos fiscais e sociais máis atractivos á inversión e ao emprego, mentres nós, os reis do mambo, batemos marcas negativas en termos de déficit e débeda, gastamos o que non temos, incumprimos todos os acordos de estabilidade e, por se non fose suficiente, montamos un subsidio permanente que acabará coas poucas ganas de traballar que moitos traen xa de serie. E encima queremos que nos regalen diñeiro, e non calquera cantidade, senón unha cifra mareante, para facer o que nos dea a gana con el e a cambio de nada.

Mentres, vivimos nunha especie de liberdade vixiada condicional; podemos saír, incluso viaxar, tomar un café ou comer nun restaurante, ir á praia, etc. Pero todo iso, repito, en situación de liberdade vixiada e de maneira condicionada. Condicionada polas limitacións legais do goberno e vixiada por unha policía adestrada no ensañamento cos incumpridores ou que se excedan no uso da nova normalidade, e sobre todo vixiada polo veciño, si, o veciño. Volvemos á escola primaria, recuperamos a figura máis odiada, repulsiva e que maior rexeitamento e desprezo causaba entón, o chivato, o delator. Fagamos o que fagamos, imos encontrar a alguén disposto a delatarnos se nos pasamos un milímetro da raia no súper ou se nos baixamos un centímetro a careta para tomar un pouco de aire do exterior e deixar de autoasfixiarnos. Son eses mesmos que tan a gusto estaban no confinamento e que agora seguen felices e contentos nesta España miserable e subvencionada que estamos construíndo, como demostran as enquisas que afirman que a maioría da xente seguirá votando ao actual inquilino da Moncloa. Claro que isto é algo habitual ao inicio das crises económicas, a xente apoia á esquerda que promete os subsidios que permitirán sobrevivir á crise, supostamente; logo, cando a crise se instala de cheo (cousa que invariablemente sucede sempre que goberna a esquerda, "por fas ou por nefas"), coas súas consecuencias de desemprego masivo e destrución do tecido empresarial e produtivo, o voto trasládase cara a dereita, pero só un pouquiño, o mínimo para saír do embrollo, pasado o cal a burra volve ao trigo, unha e outra vez, de maneira contumaz e pertinaz.

Veremos a ver qué sucede. De momento, o indubidable é que camiñamos cara unha hecatombe económica que os autónomos vivimos na nosa propia carne dende que se paralizou a actividade por orde da autoridade. Estamos nunha especie de calma previa á gran tormenta que se aveciña. España sufrirá un empobrecemento brutal e só poderemos saír adiante mediante un plan de reformas a longo prazo que rebaixe a débeda e a faga sostible, que garanta un marco laboral flexible que posibilite o emprego, única política social real e sustentable a largo prazo, e que garanta a liberdade e a dignidade da persoa. Xunto a iso, precisaríase un marco fiscal adecuado, que permita á xente respirar e ser donos do diñeiro que lexitimamente gañaron, pagando ao erario público o xusto para manter os servizos que todos entendemos necesarios para a comunidade e deixando en mans de cada individuo o resto.

Ademais, no contexto actual, loxicamente necesítanse apoios puntuais para a dixitalización dos negocios, plans de apoio aos sectores máis afectados, eliminación das trabas burocráticas e dotar de liquidez inmediata aos negocios rexentados por autónomos.

En fin, veremos e contaremos aquilo que vexamos, mentres poidamos facelo, pero mentres tanto póñanse a cuberto, porque este próximo outono avecíñase tormentoso de verdade.

**Francisco J. Pérez Bello, Presidente da Federación de Autónomos de Galicia (FEAGA)**

## O Cerne de hai 15 anos (Xullo 2005 Nº8)

Cerne
Terra de Melide
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 8. 15 de xullo -15 de agosto de 2005. Distribución gratuíta.
Tamén en Internet: www.asetem.com

### Máis do 30% do solo industrial do polígono está baleiro, pero vendido

*Só un ano despois da súa inauguración en 1995, o Parque Industrial da Madanela quedou sen parcelas dispoñibles, é dicir, todas están compradas desde hai dez anos. Sen embargo, só 16 negocios e empresas en activo ocupan o 52,5% do solo dispoñible neste momento. Á espera da ampliación da segunda fase, ASETEM e tamén o BNG advirten da fuga de empresas a outros polígonos de vilas veciñas.* Pax. 7

### Interesantes conclusións das Xornadas de Ciencia de Territorio

O IES de Melide organizou por terceiro ano estas xornadas, dedicadas nesta ocasión ao estudo da botánica da Terra de Melide. Durante o transcurso das saídas de campo, os participantes atoparon especies endémicas da zona (aínda que non exclusivas) como a chamada *santolina melidensis*, e concluíron na necesidade de que a Adminstración elabore un plan concreto para protexer esta fauna. Duraron tres días e participaron aproximadamente 60 profesores. Pax. 15

### 180 nenos pasan o verán en Furelos

Chegados de toda Galicia e doutras comunidades como Euskadi ou Aragón, rapaces e rapazas veñen de vacacións ao no campamento de Furelos , xestionado pola Xunta desde 1993. Chegan cada 15 días en grupos de 60. Pax. 7

### As vivendas sociais de Melide presentan fallos de construcción

Hai dous anos que os técnicos do IGVS redactaron un proxecto de reparación destes pisos, dado que os veciños presentaron numerosas queixas. Pero, a día de hoxe, aínda non están rematadas as obras especificadas no texto. Os veciños aseguran que recorrerán á vía xudicial se non se soluciona o problema. Pax. 5

### O catamarán de Portodemouros xa ten prezo

Un mínimo de 400.000 euros. É o que estiman os alcaldes de Santiso, Arzúa, Vila de Cruces e Agolada, que costará este proxecto. Unha cantidade que solicitarán da Xunta e das Deputacións de A Coruña e Pontevedra. Pax. 8

Villamor
Inmobiliaria
Compra-venta de:
Casas-Pisos-Solares-Fincas ...
Canton de San Roque, 8 MELIDE
Tfno. 981 815 330 - www.inmobiliariavillamor.com
Invertir es un riesgo, salvo que asesore un asturiano

## ADELA VARELA VÁZQUEZ, CARNICERÍA CARDELLE

# “Notamos que a xente pasou a mercar lotes máis grandes, para meter ao conxelador”

*Coas portas abertas dende o ano 1976, Carnicería Cardelle é un negocio familiar no que ademais crían os seus propios tenreiros nun cebadeiro en Toques; tenreiros que alimentan a base de millo. No establecemento que posúen en Melide, ademais da carne de tenreira, dispoñen de carne de porco salgada e os produtos típicos para o cocido, fiambre, queixo, ovos, polo, coello, así como hamburguesas de tenreira totalmente naturais e de elaboración propia. Como moitos negocios, coa chegada da pandemia do Covid-19 víronse obrigados a adaptarse á nova situación; circunstancia que motivou un aumento no número de repartimentos a domicilio, servizo que xa antes prestaban.*

**- Como viviron a situación?**

**- Adela Varela (A.V.):** No noso caso ao ser un establecemento de alimentación non pechamos totalmente, só polas tardes. Polas mañás mantivemos o noso horario habitual, e a verdade é que ao principio foi un shock. Vas vendo todo o que pasa e non reaccionas. Logo aínda encima dinche: “todo cerrado”, sabendo que somos un negocio que vendemos moito á hostalería, e non sabes moi ben como actuar. Pero bueno, intentamos baixar un pouco os prezos, comezamos a anunciar que vendiamos medios tenreiros, que vendiamos quilos soltos, 10 kg, 20, 30, 50, segundo demandaran os consumidores e a verdade é que se foi correndo a voz e ao final tivemos moitos clientes de fóra de Melide.

**- Aumentaron entón o reparto a domicilio?**

**- A.V.:** Si, a domicilio xa serviamos, pero o que é fóra da provincia pois non era o común; eran os clientes os que viñan a comprar cando pasaban por aquí, pero con isto do confinamento e que non se podía cambiar de provincia acabamos indo nós, que si podiamos saír ao ser un servizo de primeira necesidade. E fomos a Friol, a Palas, a Monterroso, Antas, Vilalba que nunca foramos, logo tamén a Sobrado, a Arzúa moitísimo, incluso a Santiago e dous días á Coruña. A verdade é que ao final moi ben.

**- Coa chegada da pandemia do Covid-19 cambiou en algo o perfil do seu cliente?**

**- A.V.:** Si. O cliente de mostrador por exemplo aumentou moitísimo porque ao estar confinados a xente mercou máis para consumo propio. Antes ao mellor en todas esas zonas tiñas un cliente así, pero non oito ou dez como podes ter agora. En tenda atendiamos igual, pero o volume grande de negocio fixémolo así; distribuíndo máis cantidades grandes para fóra. Digamos que notamos que a xente pasou a mercar lotes máis grandes, para meter no conxelador, máis que mercar para comer cada día. E en canto ao tipo de carne pois saíu de todo tipo, niso si que non cambiaron moito os hábitos. Si é certo que polo San Xoán o que máis se demandou foi o churrasco, como todos os anos.

**- Conservan agora eses clientes?**

**- A.V.:** Si, a día de hoxe continúan con nós. Entendemos que quedaron contentos co servizo porque algúns incluso nos chamaron para dicirnos que cando todo isto acabase seguirían.

**- Agora que volvemos a certa normalidade como é o seu horario?**

**- A.V.:** Pois agora o noso horario pasa a ser de 9.00 da mañá a 14.30 horas do mediodía, de luns a sábado.

**- Que medidas hixiénico sanitarias adoptaron no establecemento?**

**- A.V.:** Pois xel hidroalcohólico, sinalizamos tamén o chan para que se manteñan as distancias ao mostrador, eu utilizo pantalla de protección e despois limpeza e desinfección tal e como xa faciamos antes. Ten en conta que ao ser un establecemento de alimentación xa anteriormente se extremaban as medidas de hixiene. Despois en canto a límite de persoas, ao ser unha tenda bastante grande non hai problemas de espazo, entran perfectamente tres persoas separadas. Xa de por si aquí non adoitamos ter aglomeracións de xente.

**- Son vostedes tamén produtores de tenreira. Tiveron algún problema nese ámbito?**

**- A.V.:** Non, ao producir a nosa propia carne non tivemos problemas de desabastecemento por exemplo; o que si, ao principio estabamos un pouco preocupados porque ao ver que pechaba todo non sabiamos se poderiamos dar saída á cantidade de tenreiros que tiñamos. Requiren dun período de tempo, aos nove meses ou así é conveniente retiralos; pero ao final pouco a pouco foi saíndo todo, sobre todo xa digo polo repartimento que fomos facendo en grandes cantidades. Así que sen ningún problema.

**- Carnicería Cardelle está tamén na plataforma de venda online *Zaska!*, que os motivou a dar ese paso?**

**- A.V.:** É sobre todo outra forma engadida de que te coñeza máis xente e de abrir un pouco a marxe de zona. Por exemplo, só con saír no Cerne a outra vez xa houbo xente que nos chamou, pois agora isto é o mesmo, e quen sabe se tamén teremos algún pedido a través de Internet. Hai que adaptarse porque con todo o que pasou a venda a través de Internet é unha nova posibilidade. Ademais tamén temos páxina de Facebook, onde a xente pode ver os nosos produtos e servizos.

**- Realizaron algunha acción especial durante o confinamento ou a desescalada?**

**- A.V.:** Fixemos unha doazón. A asociación Alecrín veu a mercar para unhas familias que o necesitaban, así que nós á parte doamos produto natural, hamburguesas, para que puidesen destinar ás familias que coñecían e que máis o estaban necesitando.

**- Algunha oferta ou promoción a destacar?**

**- A.V.:** Seguimos mantendo a promoción de 5´50 euros cando se leva a partir dun lote determinado de quilos. As medias canales xa son sempre así, a 5´50, e despois hai lotes adaptados á medida do cliente cada semana.

**- Algunha mensaxe para os seus clientes?**

**- A.V.:** Das as grazas por suposto, aos que estaban por seguir e aos novos clientes pola confianza depositada, por ampliar o noso mercado e por seguir con nós.

**Carnicería Cardelle**

***Tlf: 677 88 19 10***

***(Para reservas, encargas e demais servizos a calquera hora do día)***

***Florentino L. Cuevillas (Melide)***

Volver a oír bien,
es una decisión
que cambiará
su vida.



Campaña VERANO

Instituto de la Sordera

Revisión Auditiva 2020

GRATIS

Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nº E-15-001359

Pida su cita al

Ronda da Coruña 34, Bajo.
C.P. 15800 **MELIDE**

648 75 47 61